






- 1. TERRITORIO E MEDIO AMBIENTE10**
 - Datos xerais
 - Climatoloxía
 - Datos demográficos
 - Datos medioambientais
 - Encoro de abastecemento: As Forcadas
 - Depuradoras existentes e en proxecto
 - Puntos limpos existentes e en proxecto
 - Detalles das empresas máis contaminantes

- 2. DEMOGRAFÍA E POBOACIÓN17**
 - Poboación segundo sexo, idade e lugar de residencia
 - Comparativa da poboación 1998-2008
 - Indicadores demográficos
 - Número de habitantes segundo sexo, lugar de residencia e nacionalidade
 - Poboación vinculada non residente
 - Idade media poboacional
 - Índices de infancia, xuventude, envellecemento e sobreenvellecemento
 - Índices de dependencia socio-económica
 - Movemento natural da poboación






- Nivel educativo da poboación
- Movementos e saldo migratorio

3. EDUCACIÓN30

- Ensino non universitario
 - Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparten (curso 2008-2009)
 - Alumnado matriculado en centros de réxime xeral en funcionamento segundo o nivel de ensinanza (curso 2008-2009)
- Ensino universitario
 - Porcentaxe de alumnos 1º e 2º ciclo e grao por titulación do campus de Ferrol (curso 2008-2009)
 - Evolución do alumnado no campus de Ferrol desde o curso 1990-91 ata o curso 2008-09
 - Oferta de prazas bolsas Erasmus por centro. Campus de Ferrol (curso 2009-2010)
 - Titulados de 1º e 2º ciclo por centro. Campus de Ferrol (curso 2008-09)
 - Persoal docente e investigador. Campus de Ferrol (curso 2008-09)
 - Plan Bolonia





4.	CULTURA, LECER E PARTICIPACIÓN SOCIAL.....	38
	➤ Oferta cultural	
	➤ Movemento asociativo	
	➤ Resultado eleccións autonómicas 2009	
5.	SERVIZOS SOCIAIS	40
	➤ Beneficiarios RISGA/AES	
	➤ Beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social segundo sexo e tipo de pensión	
	➤ Entidades de iniciativa social, centros de atención á infancia, centros de menores, centros de información ás mulleres e oficinas de información xuvenil para o emprego	
	➤ Residencias de maiores	
	➤ Centros de maiores e centros de día	
6.	SAÚDE E BENESTAR	45
	➤ Centros de saúde e farmacias	
	➤ Hospitais	





7.	DATOS MACROECONÓMICOS.....	47
8.	TRABALLO E DESEMPREGO	50
	➤ Número de contratos segundo sexo e modalidade	
	➤ Porcentaxe de contratos por sector de actividade	
	➤ Taxa de paro por sexo	
	➤ Paro rexistrado segundo sector productivo	
	➤ Evolución mensual do paro rexistrado na comarca de Ferrol. Ano 2009	
	➤ Ocupacións máis ofertadas na comarca de Ferrol	
	○ Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo feminino	
	○ Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo masculino	
	➤ Siniestralidade laboral	
	➤ Expedientes de regulación de emprego	
9.	EMPRESAS	60
	➤ Altas e baixas (ano 2008)	
	➤ Empresas segundo forma xurídica	
	➤ Empresas segundo sector	
	➤ Empresas segundo tamaño	





- Actividade empresarial
- Sector primario
 - Agricultura
 - Distribución municipal de usos
 - Aproveitamento das terras labradas nas explotacións agrícolas
 - Gandería
 - Gandería en unidades gandeiras nas explotacións agrícolas
 - Bovino. Estructura e composicións dos efectivos
 - Porcino. Distribución de prazas en explotacións industriais
 - Pesca
 - Lonxas e capturas
 - Forestal
 - Supreficie forestal e prioridade de defensa
 - Parroquias de especial vixilancia
 - Industrias forestais





- Sector industrial
 - Número de empresas industriais
 - Extractivas
 - Cementeiras
 - Enerxías renovables
 - Parques eólicos
 - Hidroeléctricas
 - Parques empresariais
- Construción
 - Licenzas concedidas segundo tipo de obra
 - Edifícios, superficie e vivendas de nova planta
- Sector servicios
 - Transporte
 - Número de empresas de transporte
 - Empresas de transporte de mercancías por estrada
 - Parques de vehículos de motor





- Comercio
 - Número de actividades comerciais alimentarias por cada 1000 habitantes residentes
 - Número de actividades comerciais non alimentarias por cada 1000 habitantes residentes
 - Número de actividades comerciais de grandes superficies, mercadillos e outros
 - Restauración
 - Índice comercial
- Turismo
 - Establecementos turísticos e prazas de aloxamento
 - Porcentaxe de prazas por concello
 - Porcentaxe de ocupación hoteleira en Ferrol (2009)
- Financeiro
 - Oficinas de entidades financeiras





- Actividade portuaria en Ferrol-San Cibrao
 - Transporte de pasaxeiros (cruceiros)
 - Transporte de mercancías
- Empresas con certificación de calidade

10. FONTES DE INFORMACIÓN.....97





DATOS XERAIS

A comarca de Ferrol é unha comarca costeira situada na provincia da Coruña, no noroeste de Galicia. Abrangue 11 municipios: Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.

Como datos xerais da comarca de Ferrol, podemos citar os seguintes:

Situación: 43°29' N, 8°14'O
Altitude máxima: 400 m
Altitude mínima: 0 m
Superficie: 623,5 km²
Concellos: 11
Parroquias: 76
Habitantes: 163.158
Densidade de poboación: 261,68





CLIMATOLOXÍA

Na seguinte táboa recóllese un resumo dos datos meteorolóxicos máis relevantes obtidos nas tres estacións da comarca de Ferrol no ano 2009.

ESTACIÓNS COMARCA FERROL	CIS FERROL			PUNTA CANDIERA (Cedeira)			ALDEA NOVA (Narón)			Unidade
	Máx.	Mín.	Media	Máx.	Mín.	Media	Máx.	Mín.	Media	
HUMIDADE RELATIVA E TEMPERATURA										
Humidade relativa máxima media	93	86	90,1	100	90	95,9	97	93	94,4	%
Humidade relativa media	81	74	77,7	92	75	84,4	85	81	82,6	%
Humidade relativa mínima media	65	53	60,5	78	56	67,8	67	63	65,8	%
Temperatura de orballo	15,8	5,7	11,1	16	4,9	10,7	14,7	12,6	13,5	°c
Temperatura máxima do aire	32,7	16,2	26,8	30,7	14,1	24,1	30,2	23,4	27	°c
Temperatura media do aire	19,7	9,8	15,2	17,9	8,3	13,6	17,9	16	16,7	°c
Temperatura mínima do aire	12	-0,6	7,1	13,7	1,2	8,1	11,5	8,6	10,4	°c
VENTO										
Velocidade do vento	3,6	2,5	3,1	10,7	5,9	7,5	4,4	2,7	3,6	m/s
Refacho	31,8	13,9	18,1	43,3	21,4	28,7	20,7	14,8	17,9	m/s
CHOIVA										
Balance hídrico mensual	158,9	-93,5	-11,7	8,6	-48,2	-24,8	65,7	-64,5	-10,9	mm
Choiva mensual	196,7	36,1	83,8	75,1	34,9	60,1	135,8	41,8	89,9	mm
Acumulado anual de choiva		838,3			540,8			449,6		mm
PARÁMETRO										
Horas de sol	255,2	69,4	197,9	239,3	150,1	203	246,7	139,4	197,2	h
Insolación	69	24	51	64	42	51,7	66	39	48,2	%
Irradiación global diaria	1.944	419	1.471,50	1864	360	1490,3	1886	922	1597,4	10kJ/m2
Presión barométrica	1.014,60	1.011	1.013	987,5	983,6	985,7	987,1	983,8	985,7	hPa
Presión reducida ao nivel do mar	1.018,70	1.015,20	1.017	1017,9	1013,4	1015,7				hPa
Acumulado anual de horas de sol		1.978,80			1827,4			985,9		h

Fonte: MeteoGalicia



DATOS DEMOGRÁFICOS


A superficie de Ferrol e a súa comarca supón un total de 623,5 km². San Sadurniño é o concello de maior extensión e Mugardos o máis pequeno.

A poboación da comarca totaliza de 163.158 habitantes, dos cales a meirande parte corresponden ós concellos de Ferrol e Narón.

A media galega de densidade de poboación é de 94 habitantes por km². Na comarca de Ferrol temos concellos que superan de forma considerable dita media (Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón e Neda), así como outros que non chegan a ela (Cedeira, Moeche, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño). Podemos comprobar que os que se atopan por debaixo da densidade media son os concellos máis rurais da comarca, onde a poboación está moi dispersa. O caso contrario se mostra nos concellos máis urbanos.

CONCELLO	Superficie (Km ²)	Nº Habitantes	Densidade de poboación	Nº Parroquias
Ares	18,3	5.682	310,49	3
Cedeira	85,4	7.511	87,95	7
Fene	26,3	14.169	538,74	8
Ferrol	82,6	74.696	904,3	12
Moeche	48,5	1.435	29,58	5
Mugardos	12,8	5.605	437,89	4
Narón	67	37.008	552,35	13
Neda	23,8	5.553	233,31	4
San Sadurniño	99,7	3.125	31,34	7
Somozas(As)	70,9	1.388	19,57	4
Valdoviño	88,2	6.986	79,2	9
COMARCA	623,5	163.158	3.224,72	76
GALICIA	29.574,40	2.784.169	94,14	

Fonte: ASG (2009), Elaboración propia






DATOS MEDIOAMBIENTAIS

Encoro de abastecemento : As Forcadas


O encoro das Forcadas é o que abastece ós concellos de Ferrol, Ares, Mugardos, Fene, Narón e Neda. Ten unha capacidade máxima de 9,89 hm³.

Amosamos unha gráfica representativa da evolución da ocupación deste encoro ao longo do ano hidráulico 2009.



MES	% OCUPACIÓN
Xaneiro	85,79
Febreiro	81,98
Marzo	93,13
Abril	90,27
Maio	91,55
Xuño	100
Xullo	100
Agosto	100
Setembro	98,42
Outubro	93,41
Novembro	89,55
Decembro	82,8

Fonte: Augas de Galicia





Depuradoras existentes e en proxecto

As augas residuais urbanas son xeradas como consecuencia da actividade humana.

Dado o seu elevado potencial contaminante, necesitan ser depuradas antes de ser devoltas ao medio receptor (ríos, rías, mar, etc.). Cando hai instalada unha depuradora biolóxica, estas augas son recollidas a través dunha rede de colectores e conducidas a unha estación depuradora de augas residuais (EDAR). Deste modo, tras ser sometidas a diferentes procesos, reducírase ao máximo a súa contaminación e serán devoltas ao medio receptor nas mellores condicións posibles. A comarca de Ferrol conta na actualidade cunha serie de EDAR xa instaladas e outras en proxecto de creación.

Entre as EDAR en funcionamento, se encontran as seguintes:



Fotografía: EDAR As Somozas

CONCELLO	Punto vertido	Explotados actual	Inicio funcionamento
Cedeira	Río Cedeira	Taboada e Ramos	2008
Neda	Ría Ferrol	Aquagest, S.A	2003
Somozas (As)	Río Xubia e Ría Ferrol	Concello de As Somozas	2006
Valdoviño	Costa de A Coruña	Aquagest, S.A	2009

Fonte: Augas de Galicia.

Entre as EDAR en proxecto constan as de **Ferrol e Ares**.





Puntos limpos existentes e en proxecto

A Xunta de Galicia e distintos concellos promoveron nos últimos anos un sistema de recollida de residuos cuxo depósito incontrolado, polo seu volume ou composición, resulta perigoso. Así foi como naceron os chamados “Puntos Limpos”.

Segundo os datos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Galicia conta con 108 puntos construídos, o que supón que dispoñen do servizo algo máis dun terzo do total dos 315 municipios galegos. Destes 108 centros de recollida, 9 aínda non están en funcionamento. Por provincias, A Coruña é a máis dotada destas instalacións, xa que dispón dun total de 48. Séguelle Lugo, con 28; Pontevedra, con 26; e Ourense, con 16.


A Comarca de Ferrol conta na actualidade cun total de catro instalacións deste tipo que xa están en funcionamento é unha quinta en proxecto.

A continuación amosamos unha táboa representativa dos datos máis característicos destas instalacións.

CONCELLO	UBICACIÓN	CUSTO EXECUCIÓN	ANO	FINANCIACIÓN
Cedeira	Polígono Industrial A Xunqueira	182.669,32 €	2006	Feder
Fene	Polígono Industrial Vilar do Colo	-----	---	(en proxecto)
Ferrol	Estrada Catabois (Recinor)	-----	2007	-----
Narón	Polígono Industrial Río do pozo	253.412,91 €	2003	de cohesión
Somozas (As)	Polígono Industrial As Somozas	182.800,00 €	2006	Feder

Fonte: Elaboración propia

O adecuado tratamento dos residuos corre por conta dos concellos. No caso de Ferrol, as 78 toneladas que recibiu o centro de recollida no ano 2008 custaron 3.900 €, o que implica que este proceso de reciclaxe cústalle ao concello unha media de 50 € por tonelada que se depositen no centro de recollida.





Detalles das empresas máis contaminantes


Segundo o Rexistro Estatal de emisións e fontes contaminantes, PRTR - España (datos 2008), entre as empresas máis contaminantes da comarca de Ferrol, sitúanse as seguintes:

“NAVANTIA, S.A” (concello de Ferrol), “FORESTAL DO ATLÁNTICO, S.A” (concello de Mugardos), “MEGASA SIDERÚRXICA, S.L” (concello de Narón), “SOGARISA, S.A” (concello de As Somozas), “CEMENTOS GALEGOS” (concello de Narón) e “MATERIALES DEL ATLÁNTICO” (concello de Narón).

Entre as emisións de verteduras contaminantes á auga destacan á presenza de carbono orgánico total, arsénico, cadmio, mercurio, chumbo e compostos. No caso das emisións á atmosfera, as máis comúns conteñen: óxido de nitróxeno, de azufre, flúor e compostos inorgánicos, chumbo, cobre...

EMPRESA	EMISIÓNS (Kg/ano)		RESIDUOS (T/ano)	
	Á AUGA	Á ATMOSFERA	PERIGOSOS	NON PERIGOSOS
Navantia, S.A	----	226.000	1.245,49	12.893,38
Forestal do Atlántico, S.A	78.500	117.642.000	62,7	-----
Megasa Siderúrxica, S.L	7,36	180.451	12.250,22	136.530
Sogarisa, S.A	15,3	8.320	12.200	-----
Cementos Galegos	----	-----	2,7	-----
Materiales del Atlántico	----	73.223,20	2,03	-----

Fonte:www.prtr-es.es






POBOACIÓN SEGUNDO SEXO, IDADE E LUGAR DE RESIDENCIA

CONCELLO	Homes	Mulleres
Ares	2.831	2.851
Cedeira	3.752	3.759
Fene	6.850	7.319
Ferrol	35.002	39.694
Moeche	670	765
Mugardos	2.734	2.871
Narón	18.019	18.989
Neda	2.712	2.841
San Sadurniño	1.534	1.591
Somozas(As)	695	693
Valdoviño	3.416	3.570
COMARCA	78.215	84.943
GALICIA	1.344.268	1.439.901





Fonte: IGE

Na comunidade galega é frecuente que a demografía dos concellos rexistre un maior número de mulleres que de homes. Os concellos da comarca de Ferrol seguen esta liña, agás As Somozas, onde os homes superan en número ás mulleres.





A distribución da poboación por grupos de idade e sexo representámola nestas pirámides onde se amosan os datos para Galicia e para o concello de Ferrol.




Fonte: elaboración propia a partires de datos do IGE

As dúas pirámides de poboación son de tipo regresivo (a base e a cima son moito máis estreitas que o corpo central).


En Galicia a maior parte da poboación atópase comprendida entre os 25-44 anos; en cambio, en Ferrol concéntrase entre os 25-64 anos.

Nas franxas de idade menor o número de homes é maior que o de mulleres, pero a partir dos 40 anos o número de mulleres xa é maior, chegando case a duplicar ao dos homes a partir dos 80 anos.






COMPARATIVA DA POBOACIÓN 1998-2008



CONCELLO	Taxa de variación (%)
Ares	21,88
Cedeira	-2,44
Fene	-4,98
Ferrol	-9,51
Moeche	-9,35
Mugardos	-8,27
Narón	19,05
Neda	-10,64
San Sadurniño	-10,79
Somozas, (As)	-7,84
Valdoviño	3,21
COMARCA	1,94
GALICIA	2,19

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE

Neste gráfico temos reflectidos os datos de poboación referidos a dous anos concretos (1998 e 2008). Observamos que en todos os concellos, agás en Ares, Narón e Valdoviño, a poboación viuse minguada co paso do tempo. Un dos concellos que perde poboación de xeito sostido é Ferrol, o que favorece a concellos limítrofes coma Narón.






INDICADORES DEMOGRÁFICOS

Número de habitantes segundo sexo, lugar de residencia e nacionalidade.

CONCELLO	Total	Homes	Mulleres	Españóis	Estranxeiros	Índice de feminidade	% extranxeiros
Ares	5.682	2.831	2.851	5.491	191	1	3,4
Cedeira	7.511	3.752	3.759	7.166	345	1	4,6
Fene	14.169	6.850	7.319	14.009	160	1,1	1,1
Ferrol	74.696	35.002	39.694	72.875	1.821	1,1	2,4
Moeche	1.435	670	765	1.408	27	1,1	1,9
Mugardos	5.605	2.734	2.871	5.552	53	1,1	0,9
Narón	37.008	18.019	18.989	36.332	676	1,1	1,8
Neda	5.553	2.712	2.841	5.492	61	1	1,1
San Sadurniño	3.125	1.534	1.591	3.106	19	1	0,6
Somozas(As)	1.388	695	693	1.351	37	1	2,7
Valdoviño	6.986	3.416	3.570	6.905	81	1	1,2
COMARCA	161.158	78.215	84.943	159.687	3.471	1,05	1,97
GALICIA	2.784.169	1.344.268	1.439.901	2.688.601	95.568	1,1	3,4

Fonte: ASG 2009

A diferenza entre os municipios rurais e os máis urbanos é notable. Ferrol é o concello que rexistra un maior volume de poboación a pesar da perda sufrida nos últimos anos. Pola contra, As Somozas presenta o nivel máis baixo. Este concello tamén marca a diferenza por ser o único da comarca no que o número de homes é maior que o de mulleres. Respecto ao índice de feminidade, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos e Narón igualan a media galega con 1,1 mulleres por cada home. Ares, Cedeira, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño están en paridade xa que, aproximadamente, hai unha muller por cada home. En canto á porcentaxe de estranxeiros destaca Cedeira onde o 4,6% da súa poboación é estranxeira. Ares iguala á media galega (3,4%), e o resto de concellos teñen unha porcentaxe inferior que a dita media.






Poboación vinculada non residente (nun día medio nun ano)

CONCELLO	Por traballo, estudios, 2ª vivenda 1	Por atracción comercial 2	Por turismo 3	Total 4=1+2+3
Ares	962	0	65	1.028
Cedeira	743	0	64	806
Fene	1.713	0	24	1.737
Ferrol	11.205	18.747	1.538	31.490
Moeche	126	0	5	132
Mugardos	508	0	0	508
Narón	3.302	0	221	3.523
Neda	368	0	11	379
San Sadurniño	357	0	5	362
Somozas, (As)	220	0	0	220
Valdoviño	1.464	0	51	1.516

Fonte: ASG 2009

Nesta táboa podemos observar a poboación vinculada aos concellos por estudos, traballo, segunda vivenda, atracción comercial ou turismo. En concreto referímonos a persoas de 16 anos ou máis que non teñen a súa residencia habitual no municipio estudado, pero realizan traballo por conta allea ou exercen unha actividade por conta propia nel, reciben algún tipo de ensinanza alí ou posúen unha vivenda que adoitan usar de forma temporal (vacacións, fins de semán, etc). Levouse a cabo unha estimación do peso real desta poboación nun día medio do ano.

Comprobamos que a maioría desta poboación non vinculada desprázase ao concello de Ferrol por atracción comercial, máis que por estudos ou traballo. No resto de concellos, onde o peso desta variable é menor, o principal motivo é o traballo, estudos ou segunda vivenda.






Idade media poboacional

CONCELLO	Total	Homes	Mulleres
Ares	44,2	42,6	45,8
Cedeira	46,2	44,3	48,1
Fene	45	43,5	46,5
Ferrol	45	42,8	46,9
Moeche	51,7	49,6	53,5
Mugardos	46,2	44,2	48,1
Narón	41,7	40,5	42,8
Neda	46,9	44,9	48,8
San Sadurniño	49,9	48,6	51,1
Somozas(As)	48,2	46	50,4
Valdoviño	47,3	46,3	48,3
COMARCA	46,6	44,8	48,2
GALICIA	43,9	42,3	45,5

Fonte: ASG 2009

A idade media poboacional dos homes para o conxunto de Galicia sitúase en 42,3 anos. No entanto, na comarca de Ferrol supérase esa media en todos os concellos agás en Narón onde hai moita poboación nova e o dato varía. En municipios rurais como Moeche ou San Sadurniño a media de idade dos homes chega preto dos 50 anos. Para o caso das mulleres a idade media en Galicia é 45,5 anos, e tamén nos concellos da comarca de Ferrol a idade media é maior exceptuando de novo ó concello de Narón. En San Sadurniño, Moeche ou As Somozas a media pasa dos 50 anos.






Índices

CONCELLO	Índice de infancia (%)	Índice de xunventude (%)	Índices de envellecemento		Índices de sobreenvellecemento	
			Terceira idade (65-84)/total poboación (%)	Maiores (65 e máis)/total poboación (%)	Cuarta idade (85 e máis)/total poboación (%)	Cuarta idade (85 e máis)/terceira idade(65-84) (%)
Ares	11,1	15,4	18,3	21	2,8	15,2
Cedeira	10,1	16,3	22,6	26	3,4	14,9
Fene	9,9	16	19,6	21,9	2,3	11,9
Ferrol	10,7	16,7	19,8	22,7	2,9	14,6
Moeche	7,1	14,2	30,3	36,2	5,9	19,3
Mugardos	9,1	16	21,9	24,7	2,7	12,5
Narón	12,5	18,1	16,2	18,2	2	12,5
Neda	8,9	16	23,5	26,2	2,6	11,3
San Sadurniño	6,7	15,6	26,5	31,4	5	18,7
Somozas(As)	7,1	16,6	24,9	29,3	4,5	18
Valdoviño	8,7	15,2	22,8	26,1	3,2	14,1
COMARCA	9,3	16	22,4	25,8	3,4	14,8
GALICIA	11,3	17,5	18,7	21,7	3	16,1

Fonte: ASG 2009

O índice de infancia indica o número de nenos (0 a 14 anos) e o índice de xuventude o dos mozos (15-29 anos) que hai por cada 100 habitantes, así que mentres en Galicia hai unha media de aproximadamente 11 nenos e 17 mozos por cada 100 habitantes, na comarca unicamente supera a dita media o concello de Narón. Os índices de envellecemento e sobreenvellecemento mostran de novo o elevado número de maiores nestes concellos, sobre todo nos rurais.





Índices de dependencia socio-económica

CONCELLO	Índice depend. nenos (%)	Índice depend. Maiores (%)	Índice depend. Nenos e maiores (%)	Índice de estrutura poboación en idade potencialmente activa (%)	Índice de substitución poboación en idade potencialmente activa (%)
Ares	16,4	31	45,6	60,2	63,4
Cedeira	15,7	40,6	65,5	90,4	74,1
Fene	14,5	32,1	49,7	67,3	61
Ferrol	16,1	34	51,9	69,8	70,6
Moeche	12,5	63,8	115,1	166,4	61,6
Mugardos	13,8	37,2	51	90,9	61,1
Narón	18,1	26,3	44,4	113,5	83
Neda	13,8	40,3	54,1	89,2	62,1
San Sadurniño	10,9	50,8	61,7	81,7	66,7
Somozas(As)	11,2	46,1	57,4	105,1	83,7
Valdoviño	13,4	40	53,3	82,5	55,6
COMARCA	14,2	40,2	54,4	92,2	67,5
GALICIA	16,8	32,3	49,1	99,8	82,1

Fonte:ASG 2009, IGE

Os índices de dependencia dos nenos (nenos de 0-14 anos por cada 100 adultos en idade de traballar) e de dependencia dos maiores (persoas de 65 e máis anos por cada 100 adultos en idade de traballar) amosan un resultado similar cos índices anteriores (infancia, envellecemento...). Destaca Narón por superar a media da comunidade na porcentaxe de nenos por cada 100 traballadores. Por outra parte, os concellos rurais teñen un índice de dependencia dos maiores superior cós núcleos urbanos.

O índice de estrutura da poboación en idade potencialmente activa refírese á porcentaxe da poboación de 15-39 anos sobre a poboación de 40-64 anos. Os únicos concellos nos que a poboación de 15-39 anos supera á de 40-64 anos son Narón e As Somozas. O índice de substitución da poboación en idade potencialmente activa é a porcentaxe da poboación de 15-24 anos sobre a de 55-64 anos. Neste caso vemos, ao igual que para a media da comunidade galega, que todos os concellos teñen máis poboación con idades comprendidas entre os 55-64 anos que de entre 15-24 anos.



Movement natural da poboación


CONCELLO	Taxa de natalidade (%)	Taxa de mortalidade (%)	Taxa de maternidade (%)	Taxa de fecundidade (%)	Taxa de nupcialidade (%)	Nº medio de fillos por muller	Idade media á maternidade	Idade media ao matrimonio. Homes	Idade media ao matrimonio. Mulleres	Defuncións. Total
Ares	8,9	9,4	169,4	39,1	3	1,1	30,5	30,4	28,6	43
Cedeira	7,7	12,7	175,2	35,7	2,3	12	29,5	32,4	27,9	109
Fene	6,8	12	141,9	29,3	3,3	0,9	30,3	31	29	136
Ferrol	7,6	12,2	155,8	32,5	4,5	1	31,1	32	30	891
Moeche	2,1	22,9	76,9	11,1	3,5	0,6	24,2	31,4	27,9	29
Mugardos	5,3	12,1	146,4	24,2	3,4	1	30,9	33,1	31,5	63
Narón	10,1	10,6	195,8	39,2	4,7	12	30,1	30,8	28,6	382
Neda	4,8	18,6	131,7	22,9	2,9	1	30,4	31,5	29,5	62
San Sadurniño	3,2	16,3	106,4	16,3	4,5	0,8	30,8	34,5	27,7	48
Somozas(As)	3,6	23,9	115,1	16,5	2,2	0,5	31,5	37,5	35,3	19
Valdoviño	6,6	14,3	156,2	31	4	1	30,2	31,9	28,6	99
COMARCA	6,1	15	142,8	27,1	3,5	0,9	30	32,4	29,5	1881
GALICIA	7,8	10,9	159,7	32,6	4	1	31,4	31,9	29,7	29288


Fonte: ASD 2009, IGE

Como era de esperar, na análise dos índices anteriores advírtese que Narón presenta a taxa de natalidade maior da comarca (nacen 10 nenos cada 1000 persoas). A dita cifra, ao igual cá de Ares, é superior á media galega.

Respecto á taxa de mortalidade destacan de igual xeito estes dous concellos, ao situarse por debaixo da media da comunidade.

Porén, todos os municipios teñen un saldo vexetativo negativo, ao superar o número de defuncións ao número de nacementos.






Fonte: Elaboración propia

En Ares e Narón nacen ao redor de 39 nenos por cada 1000 mulleres, mentres que noutros concellos a devandita cifra baixa considerablemente (en Moeche, por exemplo, só nacen 11 nenos por cada 1000 mulleres). A idade media á maternidade rolda os 30 anos na maioría dos municipios.

A taxa de natalidade galega é a peor de España despois de Asturias e, segundo un informe do goberno estadounidense, só Singapur, Hong Kong e Macao teñen unha taxa de natalidade máis baixa que Galicia.


Na actualidade a media galega de fillos por muller é de un, mentres que hai trinta anos a dita media era maior de dous. Por encima de dous quedaría garantido o nivel de reposición.

Á vista destes datos (saldo vexetativo negativo, envellecemento da poboación, escasa atracción de inmigrantes...) o INE fai unha previsión para o 2019, na que estima ca poboación galega maior de 65 anos aumentará nun 10,4% e a poboación de 20-39 anos baixará nun 27%. Do mesmo xeito, o IGE prevé que no 2051 a nosa comunidade pode perder ata un millón de habitantes.






NIVEL EDUCATIVO DA POBOACIÓN



Fonte: elaboración propia a partires do ASG 2009


Este indicador mostra o nivel de instrución de persoas tituladas de ensinanza secundaria e/ou universitaria (ou similares). A media galega atópase no 56,8%. Por municipios, as diferenzas entre os concellos rurais e os máis urbanos son importantes. Ferrol, Fene e Ares superan a media autonómica, pero As Somozas, San Sadurniño e Moeche teñen un nivel educativo moi baixo, xa que só o 28,9%, o 35,7% e o 27,7% da poboación, respectivamente, deses concellos dispón dun título de educación secundaria ou universitaria.





MOVEMENTOS E SALDO MIGRATORIO

CONCELLO	EMIGRACIÓN INTERIOR	EMIGRACIÓN EXTERIOR	INMIGRACIÓN INTERIOR	INMIGRACIÓN EXTERIOR
Ares	208	4	174	19
Cedeira	162	19	172	55
Fene	410	13	387	84
Ferrol	2.543	146	2.065	463
Moeche	47	1	43	8
Mugardos	202	7	166	12
Narón	1.102	30	1.612	199
Neda	197	2	198	14
San Sadurniño	90	1	100	16
Somozas, (As)	26	0	23	8
Valdoviño	187	3	224	19
COMARCA	5.174	226	5.164	897
GALICIA	19.481	7.435	22.561	22.165



Fonte: ASG 2009


A comunidade galega ten, por termo medio, un saldo migratorio positivo. Nembargantes, se analizamos a situación por concellos, hai tres que presentan saldo migratorio negativo: Ares, Mugardos e Ferrol. Éste último ten unha cifra de emigrantes moi superior á de inmigrantes. Como xa vimos anteriormente, Ferrol é un concello que está a perder poboación de xeito sostido, en prol do veciño concello de Narón. A situación de Narón é moi significativa, xa que presenta un saldo migratorio positivo de 679 persoas. A devandita cifra está moi lonxe de ser acadada polos demais concellos da comarca.

A maioría dos emigrantes desta comarca prefiren desprazarse a concellos veciños ou por dentro da comunidade máis que saír de Galicia ou emigrar ó estranxeiro.

Tamén a maior parte da inmigración é interna, aínda que hai que sinalar que a diferenza entre inmigración interna e externa non é tan acusada coma no caso da emigración.




Emigración total por grupos de idade




A maioría dos emigrantes da comarca de Ferrol teñen una idade comprendida entre os 30-64 anos. O concello que ten máis distribuída a emigración por grupos de idades é As Somozas, onde máis xente maior de 65 anos e máis mozos emigran. Narón é o municipio do que marchan máis nenos.

Inmigración total por grupos de idade



Os inmigrantes tamén están concentrados en grupos de idade entre os 30-64 anos. Os destinos preferidos polos mozos son Cedeira, Ferrol, Neda e As Somozas. Porén, Narón, é un concello ao que se despraza unha porcentaxe elevada de maiores e de persoas con idades comprendidas entre os 30-64 anos.

Fonte: Elaboración propia a partir de ASG 2009






ENSINO NON UNIVERSITARIO

Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparten. (Curso 2008-2009)

CONCELLO	Educación infantil	Educación infantil e primaria	Educación primaria e ESO	ESO e / ou postobrigatorias	Educación primaria, ESO e postobrigatorias	Adultos	Educación especial	TOTAL
Ares	0	0	1	0	0	0	0	1
Cedeira	0	1	0	1	0	0	1	3
Fene	0	5	2	2	0	0	0	9
Ferrol	0	14	7	12	1	1	2	37
Moeche	0	1	0	0	0	0	0	1
Mugardos	1	2	0	1	1	0	0	5
Narón	0	6	3	2	1	0	1	13
Neda	0	2	0	1	0	0	0	3
San Sadurniño	0	0	1	0	0	0	0	1
Somozas(As)	0	1	0	0	0	0	0	1
Valdoviño	0	1	1	0	0	0	0	2
COMARCA	1	33	15	19	3	1	4	76
GALICIA	204	678	171	347	69	11	36	1.516

Fonte: IGE





Alumnado matriculado en centros de réxime xeral en funcionamento segundo o nivel de ensinanza. (Curso 2008-2009)

CONCELLO	Educación infantil	Educación primaria	Educación secundaria obrigatoria (ESO)	Bacharelato ordinario	Ciclos formativos de grao medio ordinarios	Ciclos formativos de grao superior ordinarios	Programas de cualificación profesional inicial	Bacharelato de adultos	Ciclos formativos de grao medio adultos	Ciclos formativos de grao superior adultos	Ensinanzas niveis I, II e III de adultos	Educación especial	Total
Ares	106	223	137	0	0	0	0	0	0	0	0	0	466
Cedeira	170	294	230	108	82	58	6	0	0	0	11	5	964
Fene	307	603	428	114	163	58	12	0	0	0	23	0	1.708
Ferrol	1.808	3.471	2.490	1.101	671	714	84	359	134	90	258	239	11.419
Moeche	14	49	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	63
Mugardos	107	263	203	85	11	0	10	0	0	0	8	0	687
Narón	913	1.541	901	239	61	27	19	24	0	0	10	12	3.747
Neda	75	165	173	90	0	0	0	0	0	0	0	0	503
San Sadurniño	47	109	127	0	0	0	0	0	0	0	0	0	283
Somozas(As)	21	31	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	52
Valdoviño	126	200	139	0	0	0	0	0	0	0	0	0	465
COMARCA	3.694	6.949	4.828	1.737	988	857	131	383	134	90	310	256	20.357
GALICIA	64.339	126.436	91.825	32.258	14.768	14.217	2.177	6.019	1.611	1.962	7.226	1.283	364.121


Fonte: IGE

Como vimos con anterioridade, atopámonos fronte a unha comarca moi envellecida, por iso a poboación en idade escolar tende a decrecer. Nalgúns concellos, moitas escolas unitarias de educación infantil tiveron que pechar pola falta de nenos, e incluso hai escolas onde se agrupan nenos de distintos cursos no mesmo. Entón, non é de estrañar cá ratio alumnos/mestre sexa inferior na nosa comarca que para a media nacional.

Á vista da taxa de natalidade actual na comarca, e segundo as previsións do INE, non parece que esta situación vaia mellorar nin a curto nin a medio prazo.




ENSINO UNIVERSITARIO




Fonte: UDC

No curso 2008-2009 matricularóñse no campus de Ferrol 2.912 alumnos. A titulación con máis alumnos é a de Enxeñeiro Técnico Industrial na especialidade en Electrónica Industrial con 502 alumnos (17%). Trátase dunha carreira moi demandada xa que ten moi boas saídas laborais sobre todo na comarca. As titulacións con menor número de alumnos son Biblioteconomía e Documentación e a Licenciatura en Humanidades con 60 e 59 alumnos respectivamente.






Evolución do alumnado no campus de Ferrol desde o curso 1990-91 ata o curso 2008-09



Fonte: Elaboración propia a partires de datos da UDC


Ránking comparativo con outras universidades.

A Universidade da Coruña (UDC), á que pertence o Campus de Ferrol, atópase no posto décimo segundo dentro do ranking das universidades públicas españolas publicado polo xornal “El Mundo” para o curso 2009-2010. Trátase dunha boa posición (inclúense 38 universidades), xa que a pesar de situarse por detrás de universidades como a Complutense de Madrid ou a Autónoma de Barcelona, adianta a outras de reconoecido nivel como, por exemplo, a de Salamanca.






Oferta prazas bolsas Erasmus por centro. Campus de Ferrol (curso 2009-2010)



Fonte: UDC

Comprobamos que a maior parte das bolsas Erasmus son para a Facultade de Humanidades. Das 103 prazas ofertadas para todo o campus, 49 son para esta facultade. Séguelle a Escola Politécnica Superior con 27 prazas. A maioría dos alumnos que deciden estudar fóra vanse ao redor de nove meses, (o correspondente a un curso completo). Os destinos máis solicitados son Italia, Francia e Alemaña.






Titulados 1º e 2º ciclo por centro. Campus de Ferrol. (Curso 2008-2009)

TITULACIÓN	Nº TITULADOS
Diplomatura en Podoloxía	36
Diplomatura Enfermaría	53
Diplomatura en Graduado Social (en extinción)	1
Diplomatura en Relacións Laborais	19
Enxeñeiro Industrial	41
Enxeñeiro Naval e Oceánico	13
Enxeñeiro Naval e Oceánico (en extinción)	8
Enxeñeiro Técnico en Deseño Industrial	53
Enxeñeiro Técnico Industrial (en extinción)	24
Enxeñeiro Técnico Industrial - Especialidade en Electricidade	54
Enxeñeiro Técnico Industrial - Esp. en Electrónica Industrial	55
Enxeñeiro Técnico Naval (en extinción)	9
Enxeñeiro Técnico Naval - Especialidade en Estructuras Mariñas	11
Enxeñeiro Técnico Naval - Esp. en Propulsión e Servizos do Buque	21
Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación	12
Licenciatura en Documentación	16
Licenciatura en Humanidades	10
TOTAL	436

Fonte: UDC





Persoal docente e investigador. Campus de Ferrol. (Curso 2008-2009)

Categoría	Campus Ferrol
Asociado	67
Axudante	9
Axudante doutor	3
Catedrático de escola universitaria	17
Catedrático de universidade	14
Colaborador	20
Profesor contratado doutor	26
Profesor titular de escola universitaria	70
Profesor titular de universidade	40
TOTAL	266

Fonte: UDC






Plan Bolonia

No curso 2008-2009 entrou en funcionamento o Espazo Europeo de Educación Superior coñecido como Plan Bolonia, que supón a adaptación das universidades españolas ao resto de Europa. (Trátase dun sistema universitario común para os países de ámbito europeo).

A implantación deste plan é paulatina pero no curso 2015-2016 xa estarán extinguidas todas as licenciaturas e diplomaturas e estarán implantados os graos e posgraos. No campus de Ferrol temos a seguinte oferta formativa para o curso 2009-2010:

Grao en Humanidades
Grao en Información e Documentación
Enxeñaría Industrial
Enxeñaría Naval e Oceánica
Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto
Grao en Enfermaría
Grao en Podoloxía
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
Enxeñaría Técnica Naval. Especialidade en Propulsión e Servizos do Buque
Enxeñaría Técnica Naval. Especialidade en Estructuras Mariñas
Enxeñaría Técnica Industrial. Especialidade en Electrónica Industrial
Enxeñaría Técnica Industrial. Especialidade en Electricidade



Fonte:UDC





OFERTA CULTURAL

CONCELLO	Bibliotecas municipais	Cines	Centros culturais	Museos
Ares	1	0	1	0
Cedeira	1	0	3	0
Fene	1	0	1	1
Ferrol	3	1	6	3
Moeche	1	0	0	0
Mugardos	1	0	3	0
Narón	1	1	1	0
Neda	1	0	2	0
San Sadurniño	1	0	1	0
Somozas, (As)	1	0	0	0
Valdoviño	1	0	1	0
COMARCA	13	2	19	4

Fonte: Concellos e Rede, de Bibliotecas de Galicia 2009

Podemos analizar mediante a presente táboa os recursos culturais dos que dispón a comarca do Ferrol.

As bibliotecas municipais son escasas en comparación coa poboación dalgúns concellos. Só o concello de Ferrol conta con máis dunha.

Moitos cines da comarca foron pechando co paso dos anos, debido maiormente a forte competencia por parte dos “multicines” dos centros comerciais como o de Narón (“Dolce Vita Odeón”). En Ferrol había moitas salas, pero a día de hoxe só se atopan abertas as do cine “Duplex” en Esteiro.

A oferta de centros culturais é máis ampla, aínda que concellos como Moeche ou As Somozas non dispoñen de ningún.

En canto aos museos, soamente Ferrol e Fene dispoñen este tipo de recursos.




MOVEMENTO ASOCIATIVO

CONCELLO	Asociacións ecoloxistas	Asociacións Xuvenís	Asoc.Culturais Teatro	Asoc.Cultura, Música e baile	Asoc. Culturais Xeral
Ares	0	2	0	1	7
Cedeira	1	3	0	1	18
Fene	0	5	1	2	8
Ferrol	3	21	3	15	92
Moeche	0	0	0	0	0
Mugardos	1	2	0	0	14
Narón	0	1	0	1	14
Neda	1	1	0	1	9
San Sadurniño	0	0	0	0	11
Somozas, (As)	1	0	0	0	1
Valdoviño	0	0	0	1	3
COMARCA	7	35	4	22	177

Fonte: Rexistro de asociacións da Xunta de Galicia 2009

RESULTADO ELECCIÓN AUTONÓMICAS 2009



Fonte: Elaboración propia a partir de ASG 2009

A forza máis votada en todos os concellos da comarca (agás Fene e Neda) é o Partido Popular, resultado que concorda coa media galega onde saíu gañador o P.P. por maioría absoluta.

A porcentaxe de abstencións nestes concellos tamén é similar á media galega (30-40%).



BENEFICIARIOS RISGA/AES


Neste epígrafe incluímos aos beneficiarios de diferentes axudas e pensións e o número de centros sociais de distinto tipo que temos en cada concello da comarca.

CONCELLO	Beneficiarios RISGA	Nº axudas emerxencia social
Ares	0	3
Cedeira	2	0
Fene	22	6
Ferrol	329	60
Moeche	2	0
Mugardos	1	0
Narón	60	9
Neda	5	1
San Sadurniño	4	1
Somozas (As)	0	0
Valdoviño	2	1
COMARCA	427	81
GALICIA	4350	2172

Fonte: IGE

A Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) é unha prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, mediante un proxecto personalizado de inserción constituído por un conxunto de accións tendentes á mellora da integración persoal, familiar, social e, se é o caso, laboral da persoa beneficiaria.

As axudas de emerxencia social (AES) están destinadas a paliar necesidades extraordinarias e urxentes de persoas afectadas por situacións de emerxencia. Tratan de cubrir necesidades básicas como a alimentación. O número de persoas solicitantes destas axudas está aumentando debido á crise. Moitas familias teñen a todos os seus membros no paro e por iso teñen que recorrer ás AES.






BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA S.S.: SEGUNDO SEXO E TIPO DE PENSIÓN

CONCELLO	HOMES			MULLERES		
	Total	Invalidez	Xubilación	Total	Invalidez	Xubilación
Ares	15	13	2	44	17	27
Cedeira	22	12	10	68	30	38
Fene	28	19	9	97	29	68
Ferrol	374	291	83	710	367	343
Moeche	7	3	4	16	4	12
Mugardos	23	17	6	63	25	38
Narón	160	112	48	333	123	210
Neda	29	23	6	92	26	66
San Sadurniño	9	3	6	33	10	23
Somozas, (As)	10	5	5	22	70	15
Valdoviño	43	31	12	75	22	53
COMARCA	720	529	191	1.553	723	893
GALICIA	14.914	8.561	6.353	34.507	10.186	24.321

Fonte: IGE






ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL, CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA, CENTROS DE MENORES, CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES E OFICINAS DE INFORMACIÓN XUVENIL PARA O EMPREGO

CONCELLO	Entidades de iniciativa social	Centros atención á infancia	Centros de menores	Centros de información ás mulleres	Oficinas de inform xuvenil para o emprego
Ares	0	0	0	1	1
Cedeira	9	2	0	0	1
Fene	4	3	1	1	1
Ferrol	80	15	2	1	8
Moeche	1	0	0	0	1
Mugardos	1	1	0	0	1
Narón	15	6	0	0	2
Neda	5	1	0	0	2
San Sadurniño	1	0	0	0	0
Somozas (As)	0	0	0	0	0
Valdoviño	2	1	0	0	1
COMARCA	118	29	3	3	18

Fonte: IGE





RESIDENCIAS DE MAIORES

Ferrol	Prazas	Prazas en proxecto	Ocupación a nov 2009
Residencia mixta de maiores Caranza	191	80	92,70%
Residencia "Abrente"	151	---	100%
Residencia "Mi Casa"	96	en estudo	100%
Vivenda Comunitaria "N ^ª Señora del Carmen"	10	---	100%
Moeche			
Residencia "O Casón"	30	---	60%
Narón			
Residencia mixta "San José Hermanas ancianos desamparados"	135	---	100%
Centro Xerontolóxico "Euxa Narón"	150	---	90%
Fene			
Miniresidencia "San Estebo Perlío"	32	48	100%
Cedeira			
Vivenda Comunitaria "O Teu Lar"	12	---	91,70%
San Sadurniño			
Residencia "Súa Casa"	24	---	100%
TOTAL COMARCA	831		

Fonte: Elaboración propia





CENTROS DE MAIORES E CENTROS DE DÍA

CONCELLO	CENTROS DE MAIORES	CENTROS DE DÍA
Ares	1	0
Cedeira	0	0
Fene	1	0
Ferrol	2	1
Moeche	0	0
Mugardos	en proxecto	0
Narón	2	en proxecto
Neda	1	0
San Sadurniño	0	en proxecto
Somozas (As)	0	0
Valdoviño	0	0
COMARCA	7	1

Fonte: Elaboración propia





CENTROS DE SAÚDE E FARMACIAS

CONCELLO	Centros de Saúde	Farmacias
Ares	1	2
Cedeira	1	3
Fene	2	6
Ferrol	5	37
Moeche	1	1
Mugardos	2	3
Narón	3	9
Neda	1	2
San Sadurniño	1	1
Somozas (As)	1	1
Valdoviño	1	4
COMARCA	19	69

Fonte:SERGAS

O modelo do Sistema Público de Saúde de Galicia establece que a atención esencial da saúde é prestada polo nivel de Atención primaria nos Centros de saúde ou Consultorios, situados preto do lugar de residencia da cidadanía. A Atención primaria é proporcionada por un equipo de diferentes especialidades e disciplinas, tales como, a medicina de familia, a enfermaría, a pediatria, a farmacia, a odontoloxía ou a fisioterapia.


Detallamos neste cadro o número de centros de saúde e farmacias por concello.

HOSPITAIS

Na comarca de Ferrol hai tres centros hospitalarios:

- Complexo Hospitalario “Arquitecto Marcide – Novoa Santos” (438 camas)
- Hospital Xeral “Juan Cardona” (214 camas)
- Hospital Básico da Defensa (85 camas)

Os tres están situados no concello de Ferrol, e suman un total de 737 camas. O Hospital Básico da Defensa foi cedido o Servizo Galego de Saúde polo que se integra dentro do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide – Novoa Santos.





A **tecnoloxía** por centro (nº de aparellos de cada tipo) e a seguinte:

	Complexo hospitalario Arquitecto Marcide- Novoa santos	Hospital Xeral Juan Cardona	Hospital Básico da Defensa
TAC	2	1	1
Resonancia magnética	1	1	0
Mamógrafo	1	1	1
Densitómetros Óseos	0	0	1
Hemodiálisis	4	42	0

Fonte: Ministerio de Sanidade e Política Social

As principais **especialidades** por centro son:

Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide- Novoa Santos

- Neuroloxía
- Obstetricia
- Rehabilitación
- Cirurxía Xeral
- Oftalmoloxía
- Otorrinolaringoloxía
- Traumatoloxía
- Uroloxía
- Xinecoloxía
- Atención Primaria
- Pediatria
- Fisioterapia
- Unidade de sanidade bucodental

Hospital Xeral Juan Cardona:

- Análises Clínicas
- Anatomía Patolóxica
- Cardioloxía
- Dermatoloxía
- Medicina de Urgencias
- Medicina Física
- Rehabilitación
- Medicina Xeral
- Medicina Interna
- Neumoloxía
- Neurofisioloxía clínica
- Oftalmoloxía
- Pediatria
- Radioloxía





CONCELLOS	Renta familiar dispoñible (€/hab.)	PIB por habitante (€/hab.)	Índice de Produtividade (base Galicia=100)
Ares	12.492	11.630	136
Cedeira	12.623	16.614	115
Fene	12.803	15.777	91
Ferrol	13.803	17.826	74
Moeche	12.694	14.112	108
Mugardos	12.371	14.000	131
Narón	12.706	18.522	150
Neda	12.492	11.626	106
San Sadurniño	11.957	23.820	160
Somozas(As)	12.294	31.032	126
Valdoviño	12.726	14.352	137
COMARCA	12.632,82	17.210,09	121,27
GALICIA	13.547	19.762	100

Fonte: ASG 2009 (estimación feita para o ano 2007)

A renda familiar dispoñible por habitante pode definirse como o nivel de renda de que dispoñen as economías domésticas para gastar e aforrar, ou ben como a suma de todos os ingresos percibidos polas economías domésticas durante un período. O concello de Ferrol é o único da comarca que supera a media galega de renda dispoñible por habitante. Non existen moitas diferenzas entre os concellos: só dicir que San Sadurniño e As Somozas son os que presentan os niveis máis baixos.

En canto o Produto Interior Bruto por habitante, a media galega está en 19.762 €. Neste caso, as diferenzas entre os concellos son significativas. Mentres San Sadurniño e As Somozas teñen un PIB per cápita superior á media (nembargantes son os que teñen rendas máis baixas, o que significa que moita produción non repercute nos habitantes do concello), hai concellos como Ares ou Neda cun PIB pc moi baixo.





O índice de produtividade calcúlase en función da ratio do PIB total e a poboación ocupada. Obtívose con base: VAB/ocupado de Galicia=100. Nalgúns casos pode haber diferenzas importantes entre o PIB por habitante e o índice de produtividade ó establecer o ránking por municipios. Por exemplo, tomemos o caso de Ferrol: o PIB por habitante é bastante alto (17.826 €), sen embargo o índice de produtividade é baixo (74). Isto sucede cando a poboación residente é inferior a poboación ocupada no concello. O caso contrario ten lugar, por exemplo, en Ares onde hai un nivel baixo de actividade económica e os residentes teñen que saír fora a realizar a súa actividade laboral. A poboación residente é maior que a poboación ocupada no municipio, por iso o índice de produtividade é alto.

Na seguinte táboa aparecen reflectidos diferentes índices de participación territorial para cada concello. Tómase de referencia base Galicia =10.000.

CONCELLO	Cuota mercado	Índice Población	Índice Industrial	Índice Comercial	Índice Restauración y Bares	Índice Turístico	Índice de activ. Económica
Ares	14	20	3	5	18	10	6
Cedeira	26	27	21	20	22	10	19
Fene	46	51	59	23	47	4	39
Ferrol	259	268	156	268	368	216	237
Moeche	6	5	4	3	2	1	3
Mugardos	16	20	19	8	13	0	13
Narón	114	133	123	131	120	35	102
Neda	16	20	5	12	15	2	7
San Sadurniño	10	11	38	7	5	1	17
Somozas (As)	5	5	40	3	1	0	16
Valdoviño	19	25	15	11	27	8	12
GALICIA	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000

Fonte: ASG 2009



A cota de mercado mide principalmente a capacidade de consumo dun municipio. Elabórase mediante un promedio de números índices das seguintes variables: poboación, número de teléfonos, automóbiles, camións, oficinas bancarias e actividades comerciais minoristas. Como é lóxico, Ferrol e Narón presentan a cota de mercado máis elevada. Pola contra, Moeche ou As Somozas teñen os niveis máis baixos.

Ao tomar como base Galicia = 10.000, comprobamos que na comarca de Ferrol estes índices contribúen moi pouco no resultado a nivel Galicia.


O índice de poboación indica o peso relativo (en tanto por dez mil) da poboación dun municipio respecto ó total de Galicia. De novo, Ferrol e Narón son os que teñen maior peso.

O índice industrial mide a importancia que ten a industria (incluída a construción) en cada concello. Neste caso, ademais de Ferrol e Narón destacan os concellos de Fene e As Somozas, xa que neles a actividade industrial é importante debido a existencia de empresas como Navantia e Sogarisa respectivamente.

O índice comercial, como o seu nome indica, mide a importancia do comercio (maiorista e minorista) en cada concello. Neste caso a diferenza entre Ferrol e Narón e o resto dos municipios é destacable. No índice de restauración e bares o resultado é semellante.

O concello da comarca con maior importancia turística é Ferrol con moita diferenza. Xa de lonxe se atopan Narón, Ares e Cedeira.

Por último, o índice de actividade económica calcúlase en función do imposto correspondente ao total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais (seccións 1ª e 2ª do IAE).






NÚMERO DE CONTRATOS SEGUNDO SEXO E MODALIDADE

CONCELLOS	TOTAL	HOMES			MULLERES		
		Indefinidos	Inicialmente temporais	Convertibles en indefinidos	Indefinidos	Inicialmente temporais	Convertibles en indefinidos
Ares	506	9	235	10	14	224	14
Cedeira	873	132	346	17	18	339	21
Fene	2.149	37	1.239	54	40	747	32
Ferrol	22.992	382	8.090	363	457	13.265	435
Moeche	127	3	50	2	7	61	4
Mugardos	489	27	191	19	7	234	11
Narón	8.679	234	4.359	206	164	3.528	188
Neda	421	16	178	22	18	176	11
San Sadurniño	252	14	120	6	9	90	10
Somozas(As)	574	8	269	45	6	218	28
Valdoviño	616	15	314	16	11	242	18
COMARCA	37.678	877	15.391	760	751	19.124	772

Fonte: INEM 2009


No ano 2009 creáronse 37.678 postos de traballo na comarca de Ferrol, dos cales 22.992 corresponden ao concello de Ferrol. Rexistráronse 17.028 contratos para homes e 20.647 para mulleres.

A modalidade de contrato predominante, tanto para os homes como para as mulleres, en todos os concellos é temporal, distando moito dos indefinidos. O concello que en porcentaxe presenta máis contratos indefinidos é Cedeira, onde dos 873 contratos, 150 son indefinidos. Por outro lado, o municipio con maior temporalidade é Ferrol, onde o 92,8% dos contratos son temporais.





PORCENTAXE DE CONTRATOS POR SECTOR DE ACTIVIDADE



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INEM.

O sector servizos foi o motor económico no ano 2009 en todos os concellos da comarca. Nalgúns concellos como Ares, Cedeira, Mugardos ou San Sadurniño a construción tamén tivo certa relevancia. No sector industrial destacamos sobre todo ao concello das Somozas onde o 43% dos contratos celebrados foron industriais.






TAXA DE PARO POR SEXO (%)

CONCELLOS	MASCULINA	FEMININA	TOTAL
Ares	7,1	11,1	9,1
Cedeira	5,9	7	6,5
Fene	7	9,2	8,2
Ferrol	8,1	10,9	9,6
Moeche	6,8	4,2	5,4
Mugardos	9	9,6	9,3
Narón	7	11,1	9,2
Neda	6,9	9,1	8
San Sadurniño	6,2	6,9	6,6
Somozas(As)	6,4	6,5	6,4
Valdoviño	6,9	9,1	8
COMARCA	7,0	8,6	7,8
GALICIA	7,8	8,9	8,4

Fonte:INEM (01-06-09)

Nesta táboa temos os datos da taxa de paro por sexo para cada concello a 1 de Xuño do 2009. Nesta data a taxa de paro en Galicia sitúase no 8,4% e está por debaixo da media española (9,2%). Podemos dicir que neste mes a situación da comarca non era demasiado desfavorable, xa que unicamente Ares, Ferrol, Mugardos e Narón superaban a media galega de desempregados.

Porén, a novembro de 2009, e segundo os datos do Servizo Público de Emprego, a taxa de paro da comarca ascende ó 11,7%. De feito, Ferrol, lidera o listado de concellos con peor comportamento. Se realizamos unha análise por sexos, cómpre dicir que os homes padecen en menor medida o azoute do desemprego.






PARO REXISTRADO SEGUNDO SECTOR PRODUCTIVO

CONCELLOS	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servicios	Sen emprego anterior	TOTAL
Ares	4	51	69	241	56	421
Cedeira	21	59	78	229	70	457
Fene	16	140	176	560	159	1.051
Ferrol	96	681	755	3.840	1.112	6.484
Moeche	1	7	11	33	4	56
Mugardos	9	83	77	206	67	442
Narón	25	445	394	1.695	479	3038
Neda	3	69	47	198	63	380
San Sadurniño	5	39	34	91	22	191
Somozas(As)	3	17	10	42	3	75
Valdoviño	14	50	120	246	77	507
COMARCA	197	1.641	1.771	7.381	2.112	13.102

Fonte: INEM (01-06-09)


Malia que o sector servizos é o que máis contratos xera na comarca, tamén é o sector onde hai máis desempregados. Ao redor da metade dos desempregados da comarca proceden do sector servizos.

O resto dos desempregados se reparten entre os sectores da construción e a industria, xa que na agricultura a porcentaxe de desempregados é moi baixa, se ben é certo que non se trata dun sector relevante na economía da comarca.






EVOLUCIÓN MENSUAL DO PARO REXISTRADO NA COMARCA DE FERROL (2009)



Fonte: Elaboración propia a partires de datos do INEM.


Mediante o presente gráfico comprobamos a tendencia cíclica do paro rexistrado na comarca durante o 2009. Dende xaneiro a marzo a tendencia é crecente, pasando de 12.881 desempregados en xaneiro a 13.314 en marzo. A partir de entón comeza un decrecemento do paro coincidindo coa chegada do verán. Sen embargo, en agosto a tendencia volve cambiar, e o número de desempregados crece ata acadar unha cifra de 13.695 persoas en decembro.





OCUPACIÓNS MÁIS OFERTADAS NA COMARCA DE FERROL

❖ Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo feminino




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións (Sep-09)





OCUPACIÓNS MÁIS OFERTADAS NA COMARCA DE FERROL

❖ Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo masculino




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións (Sep-09)

Observamos que as ofertas de emprego son moi diferentes segundo vaian dirixidas a homes ou a mulleres.

As ocupacións máis ofertadas para as mulleres na comarca de Ferrol son a de camareira, dependenta e empregada do fogar.


No caso dos homes demándanse principalmente albaneis, mecánicos e peóns da construción.

É destacable que tanto para homes como para mulleres as ocupacións máis ofertadas non requiren de elevada cualificación.






SINIESTRALIDADE LABORAL



Fonte:Elaboración propia a partires de datos do IGE

A pesar da crecente importancia que está a ter a política de prevención de riscos laborais nas empresas, podemos ver como en seis dos once concellos da comarca (As Somozas, San Sadurniño, Narón, Moeche, Ferrol e Ares), houbo un incremento de accidentes laborais respecto o ano 2007.

Chama a atención o caso de Narón, onde o aumento de accidentes dende o 2006 ata o 2008 foi moi acusado (32%), se ben é certo que conta cunha gran densidade empresarial.





EXPEDIENTES DE REGULACIÓN DE EMPREGO


No ano 2009 as empresas de Ferrol, Eume e Ortegaleira puxeron en marcha 69 expedientes de regulación de emprego. Estes axustes laborais afectaron a 699 traballadores, 200 máis que no 2008, o que supón un incremento do 40%. Segundo o último balance da Consellería de Traballo, o paro afecta xa nas tres comarcas a máis de 16.300 persoas. Dos 69 expedientes presentados ante as autoridades laborais, unha decena correspóndense con empresas do Eume, outros oito, de Ortegaleira, e os 51 restantes, de Ferrolterra. Aínda que a crise económica se cebou especialmente no ámbito nacional co sector da construción, na comarca de Ferrol non é este o segmento de actividade con máis medidas de este tipo. O sector pesqueiro e o eólico son os que saen peor parados na comarca.

Cedeira é un dos municipios máis afectados debido ós axustes na pesca motivados polas paradas en determinado tipo de capturas. De feito, a presentación dos ERE no sector pesqueiro disparou este ano o número de tramitacións realizadas ante a Consellería de Traballo e Benestar.





Por outra banda, o parón eólico está sendo especialmente cruel con Ferrolterra, unha comarca que se aferrou ao negocio do vento como alternativa para reconverter outros sectores en decadencia, como o naval. A falta de finalizar o ano, as fábricas de compoñentes para os aeroxeneradores enviaron ao paro a unhas 600 persoas na comarca, nunha sangría laboral que parece que aínda non rematou. Gamesa ten nas Somozas unha das súas principais factorías. Os sindicatos denunciaron que dos 700 operarios que fai un ano traballaban na elaboración de palas na actualidade quedan 371. A maioría das persoas que perderon o emprego eran eventuais, pero moitas levaban anos de vinculación coa empresa. Hai poucos meses pechou en Fene Barlovento Eólica, e deixou sen emprego a medio centenar de operarios. O Grupo Eymosa en Narón, que resiste o descenso da actividade en Galicia plenamente centrado en atender seu mercado tradicional de góndolas para Dinamarca, tampouco foi alleo á caída do negocio e o pasado ano suprimiu unha das súas quendas de traballo, o que supuxo prescindir polo menos de 50 traballadores eventuais. Ademais, os traballadores da fábrica mugardeza de Metalúrxica do Atlántico (grupo Cachaza) están a ser afectados por un Expediente de Regulación de Emprego que os terá no paro durante os vindeiros meses. O empresario, que realizará un investimento próximo ós 14 millóns de euros para dotar á factoría dos maiores avances tecnolóxicos, dependía maioritariamente do seu único cliente, Gamesa que, ao descender a actividade, tivo tamén que recortar os seus pedidos.





ALTAS E BAIXAS (ANO 2008)


CONCELLO	Nº empresas 2007	Altas 2008	Baixas 2008	Nº empresas 2008
Ares	272	11	17	266
Cedeira	653	29	46	636
Fene	614	37	45	606
Ferrol	3.901	297	331	3.867
Moeche	86	6	5	87
Mugardos	219	15	14	220
Narón	2.089	158	136	2.111
Neda	335	11	9	337
San Sadurniño	108	7	10	105
Somozas(As)	73	0	0	73
Valdoviño	290	18	21	287
COMARCA	8.640	589	634	8.595

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo Cámara de Comercio de Ferrol

No ano 2008 se déronse de alta na comarca de Ferrol 589 empresas e de baixa 634, resultando polo tanto unha variación do -0,5%. Comprobamos entón que na comarca non hai crecemento empresarial, pero o decrecemento producido non é moi relevante se temos en conta a etapa de crise na que nos atopamos.


Comprobamos que dos once concellos da comarca, catro tiveron crecemento empresarial (Moeche, Mugardos, Narón e Neda), un non tivo variación (As Somozas) e seis perderon empresas (Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, San Sadurniño e Valdoviño). Moeche e San Sadurniño foron os que obtiveron mellor e peor resultado respectivamente (variación porcentual).

Polo tanto, vemos que a comarca de Ferrol aínda que non é allea a crise de dimensión mundial, está a aguantar os efectos negativos mellor que outras zonas, debido principalmente á fortaleza dos seus sectores clave, entre eles a construción e a reparación naval e o ámbito marítimo.





Variación (%) nº empresas 2007-2008



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo Cámara de Comercio de Ferrol





Agora pasamos a analizar a tipoloxía de empresas que se deron de alta ou de baixa na comarca durante o 2008. Para isto baseámonos nos epígrafes do IAE e atendemos ao número de empresas por concello e epígrafe.

CONCELLO	Epígrafes principais altas														
	50	61	64	65	67	69	75	81	83	84	92	93	96	97	
Ares	4	--	--	--	4	--	--	--	3	--	--	--	--	--	
Cedeira	--	--	--	2	8	--	--	--	2	--	--	--	3	--	
Fene	3	3	3	2	16	--	--	--	--	2	--	--	--	--	
Ferrol	33	11	17	68	68	10	3	3	11	35	5	17	--	16	
Moeche	--	--	2	2	1	--	--	--	--	--	--	--	--	--	
Mugardos	1	1	4	2	2	--	--	--	5	--	--	--	--	--	
Narón	18	10	19	21	29	9	2	--	17	12	--	5	7	9	
Neda	--	--	1	4	4	--	--	--	1	--	--	--	1	--	
San Sadurniño	4	--	--	--	1	--	--	--	--	1	--	--	--	--	
Somozas(As)	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	
Valdoviño	2	1	1	2	7	--	--	--	--	--	--	1	4	--	
COMARCA	65	26	47	103	140	19	5	3	39	50	5	23	15	25	

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo da Cámara de Comercio de Ferrol






CONCELLO	Epígrafes principais baixas															
	41	50	61	64	65	67	69	75	81	83	84	92	93	96	97	
Ares	--	7	--	2	1	4	--	--	--	1	--	--	--	2	--	
Cedeira	--	9	2	10	4	10	2	--	--	4	2	--	1	1	1	
Fene	--	10	--	3	10	5	2	--	--	4	5	1	2	--	3	
Ferrol	--	56	11	30	54	62	8	2	1	25	27	--	29	12	14	
Moeche	--	2	--	--	--	--	--	--	--	1	--	--	--	--	--	
Mugardos	--	8	1	--	3	--	--	--	--	--	1	--	--	--	1	
Narón	--	29	4	11	20	20	3	--	--	17	16	1	5	5	5	
Neda	4	2	--	1	1	--	--	--	--	1	--	--	--	1	--	
San Sadurniño	1	2	1	--	1	2	--	--	--	--	--	1	--	--	--	
Somozas(As)	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	
Valdoviño	1	7	--	--	2	8	--	--	--	3	--	--	--	--	--	
COMARCA	6	132	19	57	96	111	15	2	1	56	51	3	37	21	24	

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo da Cámara de Comercio de Ferrol

EPÍGRAFE	DESCRIPCIÓN
41	industrias de produtos alimenticios e bebidas
50	construción
61	comercio por xunto
64	comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco realizado en establecementos permanentes
65	comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes
67	servizo de alimentación
69	reparacións
75	actividades anexas aos transportes
81	institucións financeiras
83	auxiliares financeiros e de seguros, actividades inmobiliarias
84	servizos prestados ás empresas
92	servizos de saneamento, limpeza e similares. Servizos contra incendios e similares
93	educación e investigación
96	servizos recreativos e culturais
97	servizos pessoais

Podemos concluír que a tipoloxía das empresas que se deron de alta na comarca de Ferrol no 2008 é principalmente comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios e tamén servizos de alimentación como cafés ou bares. Pola contra, as empresas que se deron de baixa dedícanse sobre todo á construción e a servizos de alimentación como cafés ou bares.






EMPRESAS SEGUNDO FORMA XURÍDICA

CONCELLO	Persoa física	Sociedade Anónima	Sociedade Limitada	Cooperativa	Outra
Ares	197	1	52	0	20
Cedeira	349	3	84	0	46
Fene	447	16	162	6	46
Ferrol	2.822	65	1.193	39	466
Moeche	59	0	16	1	4
Mugardos	176	5	51	1	18
Narón	1.204	39	608	19	176
Neda	245	2	62	1	26
San Sadurniño	110	1	26	5	14
Somozas (As)	38	2	15	0	8
Valdoviño	239	2	83	11	31
COMARCA	5.886	136	2.352	83	855

Fonte: IGE


A forma xurídica predominante das empresas da comarca e a de persoa física, seguida moi de lonxe polas sociedades limitadas e anónimas. A presenza de sociedades cooperativas na comarca é moi escasa. O resto da comunidade galega segue unha pauta semellante.






EMPRESAS SEGUNDO SECTOR

Porcentaxe empresas según sector GALICIA




Porcentaxe empresas según sector COMARCA FERROL



Fonte: Elaboración propia a partir do ASG 2009

A comarca de Ferrol contaba ano 2008 con 8.595 empresas. Como podemos observar no gráfico, o 82% delas pertencen o sector servizos, o 12% á construción e o 6% á industria. A presenza do sector servizos é moi relevante na comarca de Ferrol, sobre todo nos subsectores de hostalería e comercio. De feito, a porcentaxe de empresas deste sector supera á media galega en cinco puntos porcentuais.





EMPRESAS SEGUNDO TAMAÑO


CONCELLO	Micropeme	Peme	Gran empresa
	0-49 asalariados	50-249 asalariados	250 ou máis asalariados
Ares	270	0	0
Cedeira	481	1	0
Fene	675	1	1
Ferrol	4.559	24	2
Moeche	80	0	0
Mugardos	249	2	0
Narón	2.021	23	2
Neda	334	2	0
San Sadurniño	155	1	0
Somozas(As)	61	2	0
Valdoviño	364	2	0
COMARCA	9.249	58	5
GALICIA	204.647	1.150	109

Fonte: ASG 2009

A maioría das empresas da comarca de Ferrol caracterízanse por ser micropemes, é dicir, por contar cun número reducido de traballadores (0-49). As empresas de 50-249 traballadores son moi escasas e grandes empresas só as podemos atopar en Fene, Ferrol e Narón.

A comparativa coa comunidade galega é a seguinte:

En Galicia, das 205.906 empresas, o 99,39% son micropemes, o 0,56% son pemes e só o 0,05% son grandes empresas. Na comarca de Ferrol o resultado sigue a mesma liña, xa que o 99,32% son micropemes, o 0,62% pemes e o 0,05% grandes empresas. A proporción é practicamente exacta.





ACTIVIDADE EMPRESARIAL

A seguinte información foi extraída do Sistema de análises de balances ibéricos, unha base de datos que contén información financeira recollendo as contas anuais das principais empresas. A información mostrada corresponde á dispoñible para o número de empresas incluída na mostra de cada concello. O ano de referencia é o 2007.

CONCELLO	Nº empresas en mostra	Nº empregados	Productividade	Rendibilidade económica (%)	Rendibilidade financeira (%)	Endebemento (%)
Ares	29	87	5,59	1,4	10,72	86,91
Cedeira	62	383	5,12	-0,23	-0,96	76,42
Fene	127	1.318	3,97	7,44	25,52	70,84
Ferrol	866	5.306	4,87	3,72	10,57	64,85
Moche	9	22	3,88	0,17	1,88	90,93
Mugardos	35	332	8	0,94	6,76	86,09
Narón	388	4.616	13,04	5,99	14,1	57,5
Neda	39	406	3,03	2,41	4,57	47,19
San Sadurniño	5	61	3,54	3,23	18,13	82,21
Somozas (As)	24	273	3,43	2,59	19,86	86,95
Valdoviño	60	400	4,68	5,89	12,51	52,93
COMARCA	1.644	13.204	5,38	3,05	11,24	72,98
Prov.A Coruña	20.234	200.629	5,43	2,44	8,79	74,21

Fonte: ASG 2009, SABI


A produtividade do traballo é unha variable económica clave na competitividade e un instrumento útil na análise das tendencias de emprego, salarios ou da converxencia/diverxencia entre os distintos concellos ou rexións. Esta medida indica o nivel de eficiencia da utilización do factor traballo, sendo máis eficiente o concello que obtén maior nivel de produción por unidade de input (traballadores). Na comarca de Ferrol destaca ostensiblemente o concello de Narón onde, para a mostra seleccionada, se obtén unha produtividade do 13,04, cifra moi superior á do resto dos concellos da comarca.



Os concellos rurais son os que presentan taxas de produtividade máis baixas. Hai que ter en conta que para comparar esta variable entre municipios debería existir unha homoxeneidade entre eles no tocante á tecnoloxía e demais recursos. A realidade é que existe moita heteroxeneidade nas empresas da comarca. Por iso, no caso de Narón (que ten empresas de maior tamaño que outros concellos) obtéñense cifras altas xa que, por regra xeral, as empresas de gran tamaño presentan unha produtividade maior, grazas á mellor organización da actividade, á mellor cualificación dos recursos humanos, á maior intensidade do factor capital, etc.

A rendibilidade económica dunha empresa expresa o rendemento do activo, é dicir, a plusvalía en tanto por cen que se obtén de todos os investimentos realizados na empresa. A rendibilidade financeira, pola súa banda, dá nos datos información referente ao beneficio medio xerado pola actividade en relación aos fondos propios. Á vista dos datos podemos apuntar que o concello de Fene ten as empresas máis eficientes, que non desperdician recursos. Pola contra estarían as empresas do concello de Cedeira, onde a relación é negativa.

A ratio de endebedamento achega información referente ao peso das débedas a curto e a longo prazo respecto do total do pasivo. As empresas máis endebedadas corresponden ao concello de Moeche.





SECTOR PRIMARIO


Agricultura

Distribución municipal de usos

CONCELLO	Superficie total do concello (ha)	Superficie agraria utilizada (ha)
Ares	1.128	203
Cedeira	7.993	1.386
Fene	1.978	573
Ferrol	5.151	863
Moeche	4.760	1.944
Mugardos	639	88
Narón	5.292	2.036
Neda	2.079	593
San Sadurniño	9.526	3.179
Somozas, As	6.595	2.039
Valdoviño	7.635	2.185
COMARCA	52.776	15.089

Fonte: IGE

Das 52.776 hectáreas que ocupa a comarca de Ferrol, o 29% está dedicado a usos agrarios. Se analizamos a situación por concellos, son os rurais os que teñen unha porcentaxe maior de superficie agraria utilizada. Por exemplo, o concello de Moeche dispón de máis do 40% da súa superficie destinada á agricultura. Destaca tamén o concello de Narón, cunha superficie agraria utilizada de 2.036 hectáreas, tendo o municipio un total de 5.292 hectáreas.






Aproveitamento das terras labradas nas explotacións agrícolas (ha)

CONCELLO	Herbáceos	Frutais	Viñedos
Ares	56	13	0
Cedeira	176	25	1
Fene	122	13	1
Ferrol	65	31	1
Moeche	278	10	0
Mugardos	177	9	0
Narón	63	16	1
Neda	60	9	0
San Sadurniño	444	16	0
Somozas, As	77	9	0
Valdoviño	334	16	0
COMARCA	1.852	167	4

Fonte: IGE

É nota predominante na comarca que a maior parte das terras labradas vaian destinadas a cultivos herbáceos (cereais, leguminosas, etc). Os frutais abarcan poucas hectáreas e os viñedos teñen unha reducida presenza (catro hectáreas en toda a comarca).





Gandería


Gandería en unidades gandeiras nas explotacións agrícolas

CONCELLO	bovinos	ovinos	caprinos	porcinos	equinos	aves	coellos nai
Ares	90	46	1	20	4	10	1
Cedeira	1.830	66	19	109	313	163	35
Fene	356	28	5	56	26	41	5
Ferrol	577	48	7	37	110	40	5
Moeche	1.811	28	1	51	131	24	2
Mugardos	165	13	2	40	16	25	2
Narón	1.167	90	13	983	154	388	27
Neda	344	48	9	34	28	27	5
San Sadurniño	3.608	81	11	129	214	47	2
Somozas(As)	1.375	37	15	79	177	29	2
Valdoviño	1.515	60	18	1.992	202	851	9
COMARCA	12.838	545	101	3.530	1.375	1.645	95

Fonte: IGE

As unidades gandeiras de bovino son as que máis abundan na comarca. O porcino tamén ten unha presenza significativa sobre todo nos concellos de Narón e Valdoviño, con explotacións que destinan os porcos á reprodución pero sobre todo ó cebo. Cedeira destaca en equinos e coellos nai. As unidades gandeiras de aves, cabras e coellos teñen pouca presenza na comarca en comparación co resto do gando.

Das 2.979 vacas de leite que hai na comarca, 1.318 atópanse en San Sadurniño. Este concello tamén ten un número importante de vacas de carne, pero Cedeira é o que destina máis reses a tal fin. O común é ter de 3 a 5 vacas por explotación, aínda que en Mugardos e As Somozas as explotacións son de maior dimensión.





Bovino. Estrutura e composición dos efectivos

CONCELLO	Explotacións de vacún	Explotacións con vacas	Vacas de leite	Vacas de carne	Total vacas	Vacas por explotación	Outros animais	TOTAL ANIMAIS
Ares	15	12	9	24	33	3	19	52
Cedeira	290	277	11	1.416	1.427	5	767	2.194
Fene	56	42	38	111	149	4	122	271
Ferrol	72	52	75	83	158	3	154	312
Moeche	158	153	441	502	943	6	342	1.285
Mugardos	16	12	54	50	104	9	59	163
Narón	210	158	225	262	487	3	517	1.004
Neda	56	45	68	61	129	3	104	233
San Sadurniño	239	224	1.318	674	1.992	9	1.247	3.239
Somozas(As)	155	152	407	708	1.115	7	780	1.895
Valdoviño	175	153	333	349	682	5	528	1.210
COMARCA	1.442	1.280	2.979	4.240	7.219	56	4.639	11.858
Total prov. A Coruña	20.470	18.639	147.197	65.240	212.437	11	134.231	346.668

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de medio rural

Porcino. Distribución de prazas en explotacións industriais

CONCELLO	Prazas de reprodutoras	Prazas de cebo
Ares	0	0
Cedeira	120	0
Fene	60	0
Ferrol	350	0
Moeche	0	0
Mugardos	0	0
Narón	686	710
Neda	0	0
San Sadurniño	0	200
Somozas, (As)	0	0
Valdoviño	280	900
COMARCA	1.496	1.810
GALICIA	95.775	269.619

Fonte: IGE






Pesca

Lonxas e capturas

LONXAS	ESPECIES MÁIS CAPTURADAS		
	Descrición	Kg	Pr.medio 1ª venda (€/Kg)
<u>LONXA CEDEIRA</u>	Abadexo	26.606,50	5,56
	Percebe	50.164,70	25,88
	Pescada	258.436,50	3,9
	Xuliana	173.581,70	5,64
<u>LONXA FERROL</u>	Ameixa babosa	49.822,20	8,82
	Choco	14.218,90	4,85
	Pescada	13.969,90	2,42
	Polbo	22.001,70	5,11
<u>LONXA MUGARDOS</u>	Ameixa babosa	6.756,80	10,51
	Ameixa fina	1.974,30	17,23
	Berberecho	3.383,40	4,18
	Ameixa xaponesa	110,00	6
<u>LONXA BARALLOBRE</u>	Ameixa babosa	32.650,64	10,17
	Ameixa fina	3.677,40	16,27
	Berberecho	7.874,10	3,91
	Ameixa xaponesa	1.716,90	6,85

Fonte: Elaboración propia a partir de www.pescadegalicia.com

Na comarca de Ferrol temos as lonxas de Cedeira, Ferrol, Mugardos e Barallobre (Fene). Comprobamos como nas lonxas de Ferrol, Mugardos e Barallobre a especie máis capturada é con moita diferenza a ameixa babosa, mentres que na lonxa de Cedeira a pescada e a xuliana son as especies predominantes.





Forestal

Superficie Forestal e prioridade de defensa

CONCELLO	Superficie Forestal (ha)	Superficie Forestal Arborizada (ha)	Risco	Vulnerabilidade poboacional	Prioridade de defensa
Ares	872,96	653,24	NON	MOI ALTA	MODERADA
Cedeira	6.194,98	3.020,99	NON	ALTA	BAIXA
Fene	1.462,19	1.411,08	NON	MOI ALTA	MODERADA
Ferrol	4.938,82	2.983,36	SI	ALTA	EXTREMA
Moeche	2.874,53	2.786,60	NON	ALTA	BAIXA
Mugardos	423,22	371,38	NON	MOI ALTA	MODERADA
Narón	3.076,06	2.061,15	SI	MOI ALTA	EXTREMA
Neda	1.480,20	1.307,35	SI	ALTA	A
San Sadurniño	6.442,99	5.540,23	NON	ALTA	BAIXA
Somozas,(As)	4.832,69	4.322,67	NON	ALTA	BAIXA
Valdoviño	5.107,39	4.219,86	SI	ALTA	MOI ALTA
COMARCA	37.706,03	28.677,91			

Fonte: Consellería do Medio Rural, Pladiga 2009

O 76% da superficie forestal da comarca está arborizada. Trátase dunha porcentaxe moi elevada, e nalgúns concellos como Fene, Moeche ou As Somozas acada o 90%. Por iso a vulnerabilidade poboacional é considerable na comarca e existen zonas de especial vixilancia fronte aos lumes.

As industrias forestais non teñen unha relevante presenza na comarca, xa que das 984 da provincia da Coruña, só o 10% se atopan aquí. Cedeira é o municipio que ten máis industrias dedicadas a esta actividade.

Parroquias de especial vixilancia

FERROL	BRIÓN (SANTA Mª) COVAS (SAN MARTIÑO) DONIÑOS(SAN ROMÁN) MANDIÁ (SANTA UXÍA)
NARÓN	PEDROSO (SAN SALVADOR) SEDES(SAN ESTEVO) VAL (SANTA Mª A MAIOR) TRA SANCOS (SAN MATEO)
NEDA	NEDA (SANTA Mª)
VALDOVIÑO	MEIRÁS (SAN VICENTE) VALDOVIÑO (SANTA EULALIA)





Industrias Forestais

CONCELLO	INDUSTRIAS FORESTAIS
Ares	0
Cedeira	31
Fene	7
Ferrol	9
Moeche	4
Mugardos	0
Narón	12
Neda	4
San Sadurniño	13
Somozas (As)	10
Valdoviño	13
COMARCA	103
Total prov. A Coruña	984


Fonte: Consellería do medio rural, Xunta de Galicia





SECTOR INDUSTRIAL

Número de empresas industriais



Fonte: IGE

Extractivas

	FENE	FERROL	NARÓN	VALDOVIÑO
Extracción de pedra	2	1	1	1
Extracción de minerais metálicos non férreos	-	1	-	-
Extracción de areas e arxilas	-	-	2	-
Extracción doutros minerais non metálicos	-	-	1	-

Fonte: IGE





Cementeiras

CONCELLO	EMPRESA	ACTIVIDADE	LOCALIZACIÓN	PRODUCTO	PRODUCCIÓN
Fene	Corpora. Noroeste S.A	Centro produción	Vilar do colo	Formigóns/morteiros	70 m3/hora
Ferrol	Corpora. Noroeste S.A	Centro produción	Ctra. Ferrol-Cobas	Formigóns/morteiros	60 m3/hora
Narón	Corpora. Noroeste S.A	Centro produción	Pol. Río do Pozo	Formigóns/morteiros	70 m3/hora
	Corpora. Noroeste S.A	Molienda/Distrib.	Pol. As Lagoas	Cemento gris	500.000 Tm/ano
	Cementos Galegos	Molienda clinker	Pol. Río do Pozo	Formigón/morteiro/cemento	700.000 Tm/ano

Fonte: Web oficial Corporación Noroeste, S.A., Cementos galegos

Enerxías renovables

	NARÓN	FERROL
XEOTÉRMICAS	1	0
SOLAR-TÉRMICAS	1	2
SOLAR-FOTOVOLTAICA	3	1

Fonte: INEGA





Parques eólicos

CEDEIRA	4
NARÓN	1
SAN SADURNIÑO	1
SOMOZAS, (AS)	3
VALDOVIÑO	1

Fonte: Infoeólica

Hidroeléctricas

NARÓN	1	AS FORCADAS
NEDA	1	BELELLE
SAN SADURNIÑO	1	RÍO CASTRO
VALDOVIÑO	1	

Fonte: Elaboración propia

Parques empresariais

	AS SOMOZAS	VILAR DO COLO	ENSEADA DA GÁNDARA	RÍO DO POZO
CARACT.URBANS				
Nº parcelas	11	155	110	412
Sup. bruta	325.953m ²	852.518m ²	515.000m ²	1.622.638m ²
Sup. edificada	215.100m ²	365.665m ²	515.000m ²	632.396m ²
Sup.dispoñible	110.800m ²	365.665m ²		
Ocupación máx.	30%	60%	80%	60%
DATOS ECON.				
Concello	AS SOMOZAS	FENE	FERROL	NARÓN
Ano posta funcionamento	1994	2000	1982	1993
Nº empresas instaladas	8	70	125	98
Pr.medio m ²	36,00 €	48,00 €	prezo privado	54 €
PERFIL EMPRESARIAL				
Actividades dominantes	reciclaxe, enerxías renovables	Servizos, industria	industrias	industria

Fonte: Cámara de Comercio de Ferrol



A industria da comarca está concentrada principalmente nos municipios de Ferrol, Neda e Fene. No resto dos concellos, o sector industrial é menos importante. Hai que ter en conta que unicamente o 6% das empresas da comarca pertencen a este sector.

Existen catro parques empresariais na comarca (As Somozas, Vilar do Colo en Fene, Enseada da Gándara en Ferrol e Río do Pozo en Narón) nos que a actividade dominante é a industrial.

A industria extractiva destaca no concello de Narón onde atopamos catro empresas deste tipo. En canto ás cimenteiras só podemos falar de Corporación Noroeste S.A. (Fene, Ferrol e Narón) e de Cementos galegos en Narón.

A industria de enerxías renovables ten presenza en Narón e Ferrol. Por outra parte, apuntar que existen dez parques eólicos na comarca e se produce enerxía hidroeléctrica en Narón, Neda, San Sadurniño e Valdoviño.





CONSTRUCCIÓN

No ano 2007, inmersos aínda no boom inmobiliario, concedéronse na comarca 307 licenzas para construción de nova planta e 113 para rehabilitación. En Ferrol concedéronse 68 licenzas para rehabilitación de vivendas, cifra moi por enriba da do resto dos concellos da comarca onde se decantan máis pola nova construción.

Narón é o concello onde máis vivendas de nova planta se construíron, aínda que se fixeron máis edificios en Ares. Destacan tamén Cedeira e Ferrol. As zonas costeiras eran entón as máis demandadas, pero a partir do 2008 coa ruptura da burbulla inmobiliaria, a construción sofre un importante retroceso do que aínda non se recuperou na actualidade.

Licenzas concedidas segundo tipo de obra

CONCELLO	NOVA PLANTA	REHABILITACIÓN
Ares	28	2
Cedeira	36	11
Fene	31	5
Ferrol	54	68
Moeche	5	7
Mugardos	17	9
Narón	79	5
Neda	23	2
San Sadurniño	4	2
Somozas(As)	7	1
Valdoviño	23	1
COMARCA	307	113

Fonte: IGE 2007

Edificios, superficie, e vivendas de nova planta

CONCELLO	Edificios de nova planta	Superficie nova planta (m2)	Vivendas de nova planta
Ares	82	45.812	349
Cedeira	42	59.587	459
Fene	29	19.422	110
Ferrol	65	78.124	453
Moeche	5	1.598	5
Mugardos	45	43.988	316
Narón	72	167.806	1.066
Neda	27	19.706	112
San Sadurniño	4	1.383	3
Somozas(As)	7	4.252	18
Valdoviño	28	9.188	38
COMARCA	406	450.866	2.929
GALICIA	7.462	6.956.486	41.118

Fonte: IGE 2007



SECTOR SERVICIOS

Transporte

CONCELLO	Nº empresas de transporte
Ares	12
Cedeira	18
Fene	34
Ferrol	159
Moeche	6
Mugardos	11
Narón	158
Neda	19
San Sadurniño	19
Somozas, As	5
Valdoviño	17
COMARCA	458
GALICIA	12.135

Fonte: Cámara de Comercio de Ferrol

CONCELLO	Empresas de transporte de mercancías por estrada
Ares	0
Cedeira	4
Fene	2
Ferrol	34
Moeche	1
Mugardos	0
Narón	0
Neda	3
San Sadurniño	2
Somozas, As	0
Valdoviño	4
COMARCA	50

Fonte: IGE 2007

Ao redor do 4% das empresas de transporte de Galicia están na comarca de Ferrol. Como é lóxico a maioría delas se concentran en Ferrol e Narón.

Tocante ás empresas de transporte de mercancías por estrada apuntar que o seu número é pouco significativo e o 68% delas están en Ferrol.

En canto aos vehículos de motor o parque da comarca rexistra 104.753, dos cales 82.482 son automóbiles.

Nos concellos rurais, que son tamén os de menos poboación, é onde se rexistran as cifras máis baixas.



Parque de vehículos de motor (vehículos matriculados a 01-01-08)

CONCELLO	Automóviles	Camións e furgonetas	Outros	TOTAL
Ares	2.356	191	336	3.035
Cedeira	3.340	573	584	4.684
Fene	7.664	718	605	9.531
Ferrol	38.249	3.690	2.830	46.694
Moeche	735	126	249	1.153
Mugardos	2.790	248	399	3.633
Narón	18.317	299	1.963	23.594
Neda	2.949	443	546	4.143
San Sadurniño	1.827	240	291	2.484
Somozas, (As)	770	97	206	1.114
Valdoviño	3.485	424	577	4.688
COMARCA	82.482	7.049	8.586	104.753
GALICIA	1.434.751	241.840	162.160	1.938.482

Fonte: ASG 2009





Comercio

Número actividades comerciais alimentarias por cada 1000 habitantes residentes

CONCELLO	COMERCIO TRADICIONAL	SUPERMERCADO	TOTAL ALIMENTACIÓN
Ares	4,93	0,7	5,63
Cedeira	5,06	0,67	5,72
Fene	7,06	2,12	9,17
Ferrol	8,41	1,25	9,65
Moeche	11,85	0,7	12,54
Mugardos	6,6	1,25	7,85
Narón	5,76	1,41	7,16
Neda	3,42	0,9	4,32
San Sadurniño	14,4	0	14,4
Somozas (As)	13,69	0	13,69
Valdoviño	3,01	0,57	3,58
COMARCA	7,65	0,87	8,52

Fonte: ASG 2009

Número de actividades comerciais non alimentarias por cada 1000 habitantes residentes

CONCELLO	VESTIDO/CALZADO	FOGAR	RESTO	TOTAL NON ALIMENTARIO
Ares	0,88	2,64	4,58	8,1
Cedeira	2,93	3,99	5,59	12,51
Fene	1,91	2,82	6,14	10,87
Ferrol	4,46	3,91	6,92	15,29
Moeche	0	2,79	4,18	6,97
Mugardos	1,43	1,43	4,82	7,67
Narón	3,03	2,81	6,32	12,16
Neda	1,98	0,9	5,04	7,92
San Sadurniño	0,64	1,6	3,84	6,08
Somozas (As)	0	0,72	2,88	3,6
Valdoviño	0,86	0,57	5,15	6,58
COMARCA	1,65	2,20	5,04	8,89

Fonte: ASG 2009



Número de actividades comerciais de grandes superficies, “mercadillos” e outros

CONCELLO	GRAN ALMACÉN	HIPERMERCADO	ALMACÉN POPULAR	TOTAL	COMERCIO AMBULANTE	OUTROS
Ares	0	0	1	1	1	8
Cedeira	0	0	1	1	5	14
Fene	0	0	1	1	7	9
Ferrol	1	1	10	12	49	51
Moeche	0	0	0	0	1	5
Mugardos	0	0	0	0	5	3
Narón	0	2	4	6	7	22
Neda	0	0	0	0	4	5
San Sadurniño	0	0	0	0	0	11
Somozas (As)	0	0	0	0	0	5
Valdoviño	0	0	0	0	3	9
COMARCA	1	3	17	21	82	142

Fonte: ASG 2009

A efectos estatísticos, o número de actividades comerciais que corresponde a 1 de Xaneiro de 2008, se pode considerar unha aproximación á cifra de establecementos comerciais.

As actividades de comercio de produtos de alimentación se dividen en comercio tradicional e supermercados. O comercio tradicional inclúe froiterías, carnicerías, peixeiras, panaderías, comercio polo miúdo de viños e bebidas, tabaco, etc. Os concellos de Moeche e As Somozas son os que presentan maior número de establecementos de comercio tradicional por cada 1000 habitantes. Son dous concellos rurais con pouca poboación, distanciados doutros concellos máis urbanos, polo que é frecuente que predominen este tipo de establecementos. En supermercados destaca Fene con máis de dous por cada 1000 habitantes.



As actividades comerciais non alimentarias engloban vestido e calzado, fogar e resto de non alimentación. En número de establecementos de vestido e calzado sobresaen Ferrol e Narón, que son os dous concellos máis urbanos da comarca. En fogar, Cedeira é o que ten máis establecementos de este tipo por cada 1000 habitantes. No resto de non alimentación (farmacias, carburantes, etc) os concellos están máis igualados.

O comercio integrado en grandes superficies inclúe tres categorías: grandes almacéns, hipermercados e almacéns populares. Outras actividades comerciais son o comercio ambulante e os “mercadillos”. A categoría “outros” engloba fundamentalmente a venda de artigos por correo ou catálogo, en economatos ou cooperativas de consumo, etc. A comarca conta cun só gran almacén situado en Ferrol. Os hipermercados e almacéns populares tampouco abundan na comarca. Sen embargo o comercio ambulante e a venda de artigos por correo, economatos, cooperativas teñen maior presenza.





Restauración

CONCELLO	RESTAURANTES	CAFETERÍAS/BARES
Ares	9	50
Cedeira	13	69
Fene	10	84
Ferrol	60	651
Moeche	3	9
Mugardos	7	33
Narón	47	249
Neda	4	35
San Sadurniño	3	18
Somozas, (As)	0	0
Valdoviño	15	73
COMARCA	171	1.271

Fonte: Cámara de Comercio de Ferrol

O índice comercial indica o peso relativo (en tanto por dez mil) da actividade comercial municipal respecto ó total de Galicia. Na comarca, tanto no comercio por xunto como polo miúdo, teñen maior peso os concellos de Ferrol e Narón. Moi de lonxe séguenlles os concellos de Cedeira (en comercio por xunto) e Fene (en comercio polo miúdo).

Na comarca de Ferrol contamos cun total de 171 restaurantes e 1.271 cafeterías / bares. A maioría destes establecementos atópanse nos concellos de Ferrol e Narón, se ben hai que dicir que maila que os restaurantes son escasos no resto de concellos, non ocorre o mesmo co número de cafeterías ou bares, onde a diferenza é menos significativa.

Índice comercial (%)

CONCELLO	Por xunto	Polo miúdo	TOTAL
Ares	2,4	8,1	5,2
Cedeira	22,4	17,6	20
Fene	16,4	30,5	23,4
Ferrol	198,2	339	268,2
Moeche	2	4	3
Mugardos	6,4	9,1	7,8
Narón	168	93,4	130,9
Neda	15,4	8,4	11,9
San Sadurniño	5,9	8,6	7,2
Somozas (As)	5	1,5	3,3
Valdoviño	13,1	9,8	11,4

Fonte: ASG 2009




Turismo

Establecimientos turísticos e prazas de aloxamento

CONCELLO	TIPO	Nº ESTABLECEMENTOS	PRAZAS
ARES	HOTEIS	1	23
	CÁMPINGS	2	384
CEDEIRA	HOTEIS	5	182
	T.RURAL	3	32
FENE	HOTEIS	3	46
FERROL	HOTEIS	22	1.019
	CÁMPINGS	1	215
MOECHE	HOTEIS	1	15
	T.RURAL	2	22
MUGARDOS	HOTEIS	1	41
NARÓN	HOTEIS	14	511
	CÁMPINGS	1	42
NEDA	HOTEIS	1	18
	T.RURAL	1	16
	ALBERGUE	1	28
SAN SADURNIÑO	HOTEIS	1	12
	T.RURAL	1	18
VALDOVIÑO	HOTEIS	3	83
	T.RURAL	2	19
	CÁMPINGS	3	604
COMARCA		69	3330


Fonte: IGE, Turgalicia






Na comarca existe un total de 69 establecementos turísticos que suman 3.330 prazas de aloxamento. Só no concello de Ferrol dispoñemos de 1.234 prazas que representan o 38% das prazas da comarca. En segundo lugar sitúase Valdoviño, que dispón do 21% das prazas grazas, en gran parte, aos tres cámpings que se atopan no concello. No extremo oposto está As Somozas que non conta con ningún establecemento turístico. Dispoñen tamén de moi poucas prazas os concellos de Moeche e San Sadurniño.

Porcentaxe prazas por concello



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE e Turgalicia






Porcentaxe ocupación hoteleira en Ferrol 2009 (%)

HOTEIS	XAN	FEB	MAR	ABR	MA	XUÑ	XULL	AGO	SEP	OUT	NOV	DIC
HOTEL ALMIRANTE	44,4	69,97	50	70	62	71,6	48	80	67,23	60	54,8	63,2
HOTEL HESPERIA FERROL	45	53	61	70	65	70	73	87	75	68	70	70
HOTEL SUIZO	44	52	60	62	62	--	72	88	79	75	83	72
HOTEL GALIANO PLAZA	40	42	50	25	65,45	85	55	85,29	--	--	--	--
HOTEL HUSA ODEÓN	69,04	74,3	75	72,5	86,8	74,4	74,8	95	84,07	66,8	68,2	74,8
HOTEL ALMENDRA	25	--	29	41	--	39	45	--	--	43	--	35
HOTEL SILVA	55	--	75	75	80	--	75	90	--	55	75	60
HOTEL AMÉRICA	50	90	--	70	80	80	70	100	100	80	80	--
PARADOR FERROL	--	--	--	40	70	82	71	90	80	--	60	53
OCUPACIÓN MEDIA	46,555	63,545	57,14	60,69	71,61	70	64,1	89,327	81,06	64	71,8	62,5

Fonte: Oficina de Turismo do porto de Ferrol

Mostramos neste cadro a ocupación dos principais establecementos hoteleiros do concello de Ferrol durante o ano 2009. O mes de agosto, mes vacacional por excelencia, foi o que maior ocupación rexistrou. Pola contra, xaneiro, mostra a porcentaxe máis baixa do ano. En abril, debido a celebración da Semana Santa ferrolana, as cifras tamén foron altas, pero inferiores ás doutros anos. É evidente que a crise económica fixo reducir o número de turistas, tal como pasou no resto da comunidade e do país.






Financeiro

Oficinas de entidades de crédito

CONCELLO	Total	Bancos	Caixas de aforros
Ares	3	1	2
Cedeira	8	5	3
Fene	11	6	5
Ferrol	60	32	28
Moeche	2	1	1
Mugardos	3	2	1
Narón	21	10	11
Neda	3	2	1
San Sadurniño	1	0	1
Somozas, (As)	1	0	1
Valdoviño	2	1	1
COMARCA	115	60	55
GALICIA	2.534	1.237	1.229

Fonte: Banco de España (31/12/08)

Preto do 5% das oficinas bancarias que hai en Galicia atópanse na comarca de Ferrol. Ocorre practicamente o mesmo no caso das caixas de aforros. Os concellos rurais como Moeche, San Sadurniño ou As Somozas son os que teñen menos sucursais de entidades de crédito.





ACTIVIDADE PORTUARIA en Ferrol- San Cibrao

Transporte de pasaxeiros (cruceiros)

Cruceiros (número)

Autoridade Portuaria	Acumulado		Var 08-09 (%)
	2008	2009	
Ferrol-San Cibrao	5	3	-40
TOTAL España	3.375	3.168	-6,13


Fonte: www.puertos.es

Pasaxeiros de cruceiros (número)

Autoridade Portuaria	Acumulado		Var 08-09 (%)
	2008	2009	
Ferrol-San Cibrao	3.123	2.445	-21,71
TOTAL España	5.561.757	5.697.631	2,44

Fonte: www.puertos.es

Na autoridade portuaria correspondente á comarca de Ferrol (Ferrol - San Cibrao) o tráfico de cruceiros é moi escaso, sobre todo se o comparamos co do resto de España. No ano 2009 atracaron tres cruceiros en Ferrol, dous menos que no 2008, e o número de pasaxeiros descendeu un 21,71%.





Transporte de mercancías


AUTORIDADE PORTUARIA: FERROL- SAN CIBRAO	Acumulado		Var 08-09 (%)
	2008	2009	
AVITUALLAMENTO (Toneladas)	25.278	15.890	-37,14
Contenedores E/S Nacionais (TEUS)	221	0	-100
Contenedores Impor-Expor Exterior (TEUS)	234	380	62,39
GRANEIS LÍQUIDOS (Toneladas)	2.081.903	2.231.864	7,2
GRANEIS SÓLIDOS (Toneladas)	9.257.811	8.188.616	-11,55
Nº DE CONTENEDORES EN TEUS	457	380	-16,85
PESCA FRESCA (Toneladas)	142	175	23,24
TRÁFICO PORTUARIO (Toneladas)	12.128.053	10.960.882	-9,62

Fonte: www.puertos.es

O tráfico de mercancías acumulado no 2009 ascende a 10.960.882 toneladas, o que supón un descenso do 9,62 % respecto o ano anterior.

Unha das principais causas deste descenso é a caída do avituallamento e dos graneis sólidos. Os tráficoos que causaron esta diminución foron principalmente o carbón, a bauxita e a alúmina. No caso da bauxita e da alúmina, que son movidas no Porto de San Cibrao pola empresa Alúmina Española, S.A., obedece a baixada mundial na demanda de aluminio polo sector automobilístico e da construción.

No caso do carbón, que é movido no Porto de Ferrol por Endesa para súa central termoeléctrica de As Pontes, convén ter en consideración que as análises sectoriais publicadas pola CNE indican unha previsión de baixada na demanda de enerxía eléctrica en España, ao redor do 1,6%, o que pode afectar á evolución deste tráfico.





EMPRESAS CON CERTIFICACIÓN DE CALIDADE

As empresas e organizacións galegas veñen incorporándose desde principios dos noventa, ao proceso de certificación dos seus sistemas de xestión da calidade. Ademáis, con esta tendencia e, especialmente a partir de 1997 véñense certificando os sistemas de xestión medioambiental. O actual mapa da certificación en Galicia complétase con certificacións de produto, persoa e outras normas específicas, entre as que debemos destacar os referenciais do sector de automoción.


Os estándares internacionais ISO constitúen un instrumento importante para acadar ditas metas. A través deles establécense unha serie de pautas e patróns que as entidades deberán seguir co fin de implementar un sistema de xestión e aseguramento da calidade no desenvolvemento dos seus procesos.

As principais normas as que se acollen as empresas certificadas da comarca de Ferrol son as seguintes:

- **Normas ISO 9000:** Son normas internacionais que constitúen unha base esencial para o establecemento dun Sistema de Xestión da Calidade.

A norma UNE-EN-ISO 9001:2000 introduce os conceptos de mellora continua, orientación a procesos, satisfacción do cliente, cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios, medición da efectividade do sistema de xestión de calidade respecto dos seus produtos e procesos, etc.

- **Normas ISO 14000:** Son normas que constitúen unha base esencial para o establecemento dun Sistema de Xestión Medioambiental.





A norma internacional ISO 14001 pódela aplicar calquera organización que desexe establecer, documentar, implantar, manter e mellorar continuamente un sistema de xestión ambiental.

•**Normas EMAS:** É un sistema comunitario de xestión e auditoría medioambiental, de carácter voluntario para as empresas, co cal conseguen asegurar un alto nivel de protección do medio ambiente, mellorar continuamente o seu comportamento medioambiental e comunicar todos os seus esforzos públicamente a través dunha declaración medio ambiental. Chámaselle tamén Sistema de Ecoxestión e Ecoauditoría.

•**Norma OSHAS:** A especificación OSHAS establece os requisitos para un sistema que permita a unha organización controlar os seus riscos de Seguridade e Saúde no Traballo (SST) e mellorar o seu desempeño.

•**Norma UNE 175001:** Céntrase na calidade do servizo dos establecementos comerciais, sen establecer requisitos para os produtos comercializados, as actividades profesionais que requiran colexiación nin sobre o sistema de xestión. Comprende a avaliación de varios aspectos:

- Requisitos de servizo: cortesía, credibilidade, capacidade de resposta, comprensión do cliente, etc.
- Requisitos dos elementos tanxibles: instalacións, equipos e mobiliario, envases e embalaxes, documentos de compra, etc.
- Requisitos de persoal: imaxe e competencia profesional.
- Mellora continua.





Número de empresas con certificación de calidade segundo tamaño


CONCELLO	Microempresa (0-9)	Pequena empresa (10-49)	Mediana empresa (50-250)	Gran empresa (>250)	TOTAL
Ares	0	3	0	0	3
Cedeira	1	11	0	0	12
Fene	13	16	5	11	45
Ferrol	125	84	32	15	256
Moeche	2	2	0	0	4
Mugardos	0	18	0	0	18
Narón	93	84	42	17	236
Neda	1	4	1	0	6
San Sadurniño	0	0	1	0	1
Somozas(As)	1	5	5	0	11
Valdoviño	1	15	0	0	16
COMARCA	237	242	86	43	608
GALICIA	4.833	5.448	2.586	286	13.153

Fonte: Elaboración propia a partires do Observatorio de Calidade

Na comarca de Ferrol contamos con 608 empresas que obtiveron algunha certificación de calidade. En todos os concellos hai algunha, pero unha vez máis, son Ferrol e Narón os que destacan con moita diferenza sobre o resto.


Por tamaño, son as pequenas e microempresas as que predominan na obtención do certificado, ao igual que no conxunto de Galicia, se ben é certo que este tipo de empresas son as que máis abundan na nosa comunidade.

Se facemos a distinción por sector económico, os sectores predominantes na obtención de certificados de calidade son o sector servizos, a comercialización, a metalurxia e siderurxia, minerais non metálicos, electricidade, transportes, etc. A pauta é moi similar á media galega, só destacar que en certificacións na industria naval a nosa comarca despunta sobre o resto da comunidade, debido á importancia do sector na zona.






Número de empresas con certificación de calidade na comarca de Ferrol segundo sector



Fonte: Elaboración propia a partires do Observatorio de Calidade





- Atlas Socioeconómico de Galicia, Caixanova 2009
- Augas de Galicia, Xunta de Galicia
- Banco de España
- Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol
- Concellos de Ares, Fene, Ferrol, Cedeira, Narón, Neda, Moeche, Mugarodos, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño
- Consellería do Medio Rural, Pladiga 2009
- Corporación Noroeste, S.A., Cementos galegos
- Diario de Ferrol
- Expansión
- INEGA
- INEM
- Infoeólica
- Instituto Galego das Cualificacións
- Instituto Galego de Estatística
- La Voz de Galicia
- MeteoGalicia
- Ministerio de Sanidade e Política Social
- Observatorio de Calidade
- Oficina de Turismo do Porto de Ferrol
- Rede de Bibliotecas de Galicia, 2009
- Rexistro de asociacións da Xunta de Galicia 2009
- SABI (“Sistema de análisis de balances ibéricos”)
- SERGAS, Consellería de Sanidade
- Turgalicia
- www.pescadegalicia.com
- www.prtr-es.es (“Registro estatal de emisiones y fuentes contaminantes”)
- www.puertos.es
- Universidade da Coruña
- Xunta de Galicia

